ANÁLISE DEMOGRÁFICA DE PONTEDEUME A TRAVÉS DO SEU ARQUIVO MUNICIPAL -AMP- (1835-1870)

Juan Carlos Vázquez Arias

INTRODUCCIÓN: OS REXISTROS DE DEFUNCIÓN DO ARQUIVO MUNICIPAL DE PONTEDEUME E DO AHD DE SANTIAGO E O SEU VALOR COMO FONTE HISTÓRICA (1835-1870)

Os rexistros parroquiais constitúen unha fonte importantísima para o estudo demográfico das poboacións na era pre estatística. Hai que lembrar que ata 1877 o Estado non realiza os primeiros censos "modernos" e totalmente fiábeis. Ata entón, son os libros sacramentais (de nacementos, vodas e defuncións) de cada parroquia os case únicos testemuños que nos quedaron do paso da poboación por este mundo, polo menos de xeito case sistemático.

Os correspondentes ao concello de Pontedeume, divididos nas súas oito parroquias, áchanse centralizados no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago (AHD), mais o Arquivo Municipal de Pontedeume (AMP) conserva unha especie de duplicado dos mesmos. Non están sempre completos, pero non deixan de ser unha ferramenta interesante para o estudo demográfico que nos propuxemos. As faltas que presentan suplíronse coa consulta (parcial) dos "orixinais" de Santiago.

A razón de comezar o noso estudo en 1837 é porque data dese ano a orde gobernativa para que os párrocos, que xa realizaban os rexistros sacramentais, os comuniquen obrigatoriamente aos concellos e o fagan conforme a un modelo estabelecido de carácter xeral para toda España. Convértense , así, nun rudimentario rexistro civil ata que en 1870 se crea este, por fin, e polo tanto desaparecen estes rexistros municipais.

Temos constancia de primeira man deste cambio legal de 1837 porque no libro 10º de Bautizados do AHD, aparece ao principio un exemplar do Boletín Oficial da Provincia da Coruña do luns, 15 de xaneiro de 1838, nº 9, no que se comunica por parte do señor xefe político da provincia a R.O. de 25-12-1837 do Ministerio da Gobernación que en forma de circular, di:

" Según Instrucción de 29 de julio último, se establecerán normas fijas y uniformes para reunir en lo sucesivo los datos relativos a nacimientos, casamientos y muertes sucedidas en cada año. Tras intentos de 1823 y 1836, fue inútil. Así, antes

de instaurarse el Registro Civil, como se halla en otras naciones, la Sra. Reina Gobernadora [Mª Cristina, viuva de Fernando VII e nai da raiña Isabel II, ainda nena]*, manda que desde el uno de enero de 1838 se observen las disposicións siguientes:*
Art. 1º: Los Arzobispos, Obispos y demás jerarquías eclesiásticas exigirán a los respectivos párrocos de sus respectivas jurisdicciones lo siguiente:
En las partidas de Bautismos:
-El nombre del bautizado, día y hora del nacimiento.
-Si es hijo legítimo de matrimonio o natural, padres conocidos o desconocidos.
-Nombres y apellidos de padres y abuelos maternos y paternos, naturaleza y vecindad de cada uno, y empleo del padre.
-Nombre y apellido del padrino y la madrina, vecindad, estado civil y empleo del padrino.
En las partidas de Casamiento:
-Nombres, naturaleza, vecindad y estado de soltero o viudo de los contrayentes.
-Nombres, naturaleza, vencidad y empleo de sus padres.
En las partidas de Defunciones:
-Fecha, nombre, naturaleza, edad, vecindad, estado y empleo del difunto.
-Enfermedad del fallecimiento según certificado del Facultativo, sin la cual no podrá darse sepultura al cadáver.
Si la muerte fuese por suicidio, homicidio o pena capital, se anotará.
(...)
Art. 3º: Los párrocos (...) pasarán a a sus respectivos ayuntamientos los estados numéricos por trimestres, contados desde el uno de enero del ano siguiente, de los nacimientos, casados y defuncións que haya sucedido en la feligresía, según los adjuntos modelos nº 1, 4 y 7, remitiéndoles siempre en el mes de inmediato a la conclusión de cada trimestre.

Madrid, 1 de diciembre de 1837".

Se ben estes partes ao concello son incompletos[1], si son os suficientes como para telos en conta, e neles baseamos o noso traballo. Existen lagoas temporais que paliamos coa consulta dos orixinais do AHD de Santiago, se ben só referentes á parroquia de Santiago de Pontedeume (a vila). Outra carencia soe ser a inexistencia da idade ou causa de falecemento do defunto, sobre todo nos primeiros anos (supoñemos, de adaptación por parte dos párrocos), e de xeito especial nos nenos, pois é moi frecuente a simple anotación de "párvulo", que de xeito xeral se refería aos menores de oito anos.

Malia todo, este foi un paso importantísimo, pois será a partir desta data que posuímos rexistros parroquiais con información de movemento de poboación cun criterio unificado para toda España, incluído Pontedeume.

1. Consérvanse, incluso, amoestacións por parte do alcalde de Pontedeume aos párrocos polo atraso nestes envíos, con serias ameazas en caso do seu incumprimento.

O traballo que agora presentamos intenta explotar esta interesante información, a cal durmía nas caixas do AMP, esperando que alguén a sacara á luz. Para isto, e posto que o tema así o pedía, tivemos que investigar primeiro a poboación que había no citado período. O publicado até agora (que compendiamos seguidamente) era completamente insuficiente. Había que buscar máis. Pois ben, o AMP tamén achegou a solución: os padróns municipais, dos cales extractamos desde o máis antigo (de 1712) ata os de finais do século XIX (límite cronolóxico do estudo), apoiados polos censos do INE para os últimos anos.

En definitiva, pódese dividir este traballo en **dous apartados: No primeiro**, pretendemos analizar o máis polo miúdo posíbel (malia a precariedade e até contradicción das fontes) a **evolución da poboación do concello, parroquia por parroquia** (xeralmente esquecidas, as rurais) incluída a vila, por suposto, e no seu conxunto, a través dos citados censos existentes no AMP, a maior parte referidos ao século XIX.

Antes, resumimos as descricións demográficas, tanto de tipo primario (documentos históricos) como secundario (estudos elaborados sobre os anteriores) que coñecemos existen sobre Pontedeume e a súa poboación.

Nunha segunda parte, analizamos os datos anteriormente descritos, mediante un completo aparato estatístico, para observar o movemento da poboación (natalidade, mortalidade, mortalidade infantil, crecemento natural, etc...) ao longo dun período de tempo limitado aos fondos do AMP, é dicir, de 1835 a 1870.

Tamén se inclúe unha referencia á **emigración**, limitada ao período de 1859 a 1884, por ser ese ámbito temporal o único do que posuímos información. A ausencia de datos sobre a inmigración impídenos elaborar conclusións sobre o crecemento real de Pontedeume[2].

Anque non é o obxecto primordial deste traballo (fundamentalmente de tipo local), buscamos a relación da evolución demográfica anterior, tanto co contexto nacional coma coas conxunturas económicas que a explican.

Atoparémonos, pois, cunha profunda crise a mediados de século que condicionará a vida dos eumeses, tanto a efectos de natalidade coma de nupcialidade, pero sobre todo, de mortalidade, polas epidemias a que deu lugar.

1. A POBOACIÓN EUROPEA, ESPAÑOLA E GALEGA NO SÉCULO XIX[3]

Europa aumentou no século XIX en máis de douscentos millóns de persoas, malia a abundante emigración.

2. Unha terceira parte, un estudo de epidemioloxía histórica do mesmo período, atópase á espera da súa próxima publicación.

3. Seguiremos, nesta introducción, a J. NADAL, no seu clásico libro *La población española (siglos XVI a XX)*, edit. Ariel, Barcelona, 1988.

ANOS	HABITANTES[4]
1750	140
1800	187
1850	266
1900	401

A poboación española tamén creceu, malia as guerras e as enfermidades:

ANOS	HABITANTES[5]
1797	11.595.343
1822	12.828.051
1834	13.378.389
1857	15.450.000
1860	15.640.000
1875	16.800.000
1901	17.540.000

Non obstante, o crecemento da poboación española é uno dos máis baixos do continente. Correspóndese cun modelo que non iniciou a revolución demográfica, a diferenza doutros países de Europa occidental, en que aquela comeza no século XVIII, desencadeando o ciclo moderno da poboación que caracteriza o progresivo aumento do número de habitantes. Efectivamente, a peste, que ata entón impedía o despegue das poboacións, desaparecerá. As epidemias sucesivas (varíola no s. XVIII, cólera no XIX e gripe no XX), producen un número de víctimas inferior ao incremento acumulado desde a arremetida precedente. Os progresos da medicina e a hixiene combínanse cos da economía e a política para diminuír tamén a mortalidade ordinaria.

A partir de mediados do século XIX, o crecemento redúcese por efecto do descenso da fecundidade.

O modelo español segue os pasos do europeo, pero cunha cronoloxía retardada:

1º A reducción da mortalidade catastrófica, especialmente epidémica, non culmina até o 1900 (último brote de cólera aínda en 1885).
2º A reducción da mortalidade ordinaria, sobre todo infantil, non se acelera máis que a partir da Guerra Europea de 1914.
3º A baixa de fecundidade e de reproducción neta terá que esperar até a Guerra Civil.

4. En millóns. Vid. VÁZQUEZ DE PRADA, V.: *Historia de la Economía Mundial. De la Revolución Industrial a la actualidad,* Ed. Rialp, S.A., Madrid 1974.

5. Vid. ARTOLA, M.: *Historia de España Alfaguara V*, Alianza edit., Madrid, 1980, p. 63, e TAMAMES, R.: *Introducción a la economía española*. Alianza Edit. Madrid, 1982. Fonte: I.N.E.

Gráfico 1: Poboación española, 1787-2005 (NADAL)

O ciclo demográfico antigo, pois, segue a imperar en España durante todo o século XIX. Nel, o antigo réxime económico vinculaba, en alto grao, o desenvolvemento da poboación ás fluctuacións das colleitas. A dieta baseábase nos cereais panificábeis, mentres a extremada deficiencia dos transportes reducía a maior parte dos territorios aos seus recursos. Así, nos anos críticos, a falta de gran alzaba o prezo do alimento a unhas cotas tan elevadas, que significaban a súa privación para a masa dos consumidores. Entón, a pouco que se prolongase, desatábase o círculo infernal: carestía, déficit alimenticio, fame e epidemia conxugábanse para producir unha mortalidade de dimensións extraordinarias[6].

Ademais, a crise de mortalidade non se traduce só nun aumento desmedido das defuncións. A destrucción das parellas reflíctese tamén nun descenso dos nacementos (e incluso dos matrimonios).

Malia todo, a primeira metade do século XIX foi de claro crecemento[7], debido a varios factores: retirada da peste, xa mencionada, extensión dos cultivos, adopción do maínzo e a pataca, e unha crecente comercialización dos grans. Non obstante, unha mortalidade excesiva impedía o despegue facilitado por unha natalidade tamén elevada.

Malia ter diminuído notoriamente, a mortalidade española era, en 1850 como en 1900, máis elevada que nas nacións veciñas, impedindo o crecemento demográfico.

6. Veremos esta secuencia en Pontedeume durante a perda da colleita de 1852, a fame de 1853 e o cólera de 1854-55.

7. En Pontedeume, atoparémonos con certas particularidades a este comportamento xeral do conxunto español.

Gráfico 2: Taxas de natalidade e mortalidade de España, 1858-1900 (NADAL)



A distribución territorial da poboación caracterízase por unha baixa densidade acompañada dunha intensa urbanización (especialmente as capitais galegas) e un progresivo desprazamento humano do centro á periferia litoral.

Galicia tamén gañou poboación, anque perde peso con respecto ao conxunto da poboación española:

Táboa 1: Poboación de Galicia e de España entre 1787 e 1900[8]

ANOS	CENSO	GALICIA	ESPAÑA	% GA / ES
1787	Floridablanca	1.345.803	10.409.879	12,9
1797	Godoy	1.345.633	10.541.200	10,8
1826	de Policía	1.585.419	14.154.341	11,2
1860	Censo	1.799.224	15.655.467	11,5
1877	Censo	1.848.027	16.631.869	11,1
1887	Censo	1.894.559	17.560.352	10,8
1900	Censo	1.950.515	18.607.674	10,5

Malia todo, e anque non hai censos fiábeis ata mediados do século XIX, é innegábel o crecemento da poboación galega, e máis tendo en conta a perda de poboación que supuxo a emigración da segunda metade. Efectivamente, as enormes dificultades que en Galicia opoñen á vida das clases traballadoras o caciquismo, a usura e o réxime dos foros, provocará unha corrente migratoria cara América desde o século XVIII, que se converterá en riada a finais do seguinte, para chegar ao seu máximo nivel de caudal na última centuria[9].

8. Vid. AGRAFOXO, X.: *Didáctica de Hª Contemporánea de Galicia.* Ed. Toxosoutos, Noia, 1997.

9. Dedicaremos máis adiante un capítulo á emigración, antes de abordalo en Pontedeume.

Conclusión: Por todo isto, tanto en Galicia como no conxunto de España, só a final do século XIX se iniciará a transición demográfica, do réxime demográfico antigo (alta natalidade, elevada mortalidade, curta esperanza de vida), ao moderno (descenso da natalidade, caída da mortalidade, -sobre todo catastrófica-, e aumento da duración de vida humana), manifestándose xa claramente nas primeiras décadas do século XX[10].

2. A EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN EN PONTEDEUME

2.1 Fontes alleas ao AMP

En canto a Pontedeume, dispoñemos de diversas fontes que nos ofrecen unha información non sempre coincidente, e ademais, incompleta.

2.1.1 Fontes primarias

A primeira noticia demográfica de Pontedeume corresponde a unha Realación de veciños da provincia de Betanzos no século XVI, á que pertencía Pontedeume, que se conserva no Archivo Xeral de Simancas, e que deron a luz J. R. Núñez-Varela y Lendoiro e J. E. Ribadulla na súa Hª Documentada de Betanzos. Nela, constan as parroquias de "Billa de puentes de hume", con 324 veciños, Boebre, con 33, Breamo con 42, e Coto de Nogueirosa con 102. En total, 400 veciños.

O Catastro de Ensenada[11] (primeiro intento censal serio, realizado polos ilustrados en 1752) proporciónanos unha moi abundante información sobre Pontedeume, ao longo das contestacións a corenta preguntas, das cales recollemos aquí soamente o número de veciñanza, que é, para a vila, de 400, e o de individuos, 1.727 seculares máis 19 clérigos, o que dá un total de 1.746 persoas.

Por parroquias, di: *"En su mayoría el vecindario de estas parroquias estaba formado por labradores, los cuales sumaban 265, incluyendo hombres y mujeres, distribuyéndose de la siguiente manera:*
Andrade: 49; Centroña: 40; Boebre: 42; Ombre: 44; Noguerosa: 51; Villar:39.
El resto de los vecinos se ocupaba en los siguientes oficios [...] En total 448 vecinos."[12]

Outra das descricións máis antigas de Pontedeume debe de ser a ofrecida polo párroco da igrexa de Santiago da vila, D. Juan Valentín García, en decembro de 1798 por pedimento de Tomás López, xeógrafo de Carlos III e Carlos IV, para a realización do que sería o primeiro mapa científico de España, concluído en 1784, e reeditado en 1804. Esta *"Descripción da vila de Puente de Heume" achega datos moi interesantes, dos que extraemos só os seguintes:*

10. Para unha maior información, vid LÓPEZ-TABOADA, J.A.: *La población de Galicia, 1860-1991*, Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 1991.

11. Vid. DAVIÑA SÁINZ, S.: "Pontedeume a través del Catastro de Ensenada", en la *Revista Cátedra*, nº 8, (2001), p. 113-157, e "Las parroquias de la villa de Pontedeume en el Catastro de Ensenada", no nº 9 (2002), p. 179-230.

12. O termo "veciño" non se corresponde nesta época co de habitante (para o cal se adoiaba utilizar "alma"). Veciño era aquel que pagaba impostos, normalmente o cabeza de familia; á parte estaban os seus familiares e aqueles que non contribuían ao erario (pobres). Para coñecer de xeito aproximado o total de habitantes, cómpre aplicarmos un índice corrector. Así, dividimos 1.746 entre 400 e obtemos a cifra de 4,3 . A continuación, multiplicámolo por 448 ("veciños" desas parroquias rurais) e sáennos 1.953 habitantes. Sumámolos aos da vila, e temos un total de 3.699 habitantes para todo o concello.

-"La Villa de Puente de Heume y Arrabaldes la componen 600 vecinos".

-"Las enfermedades más comunes son constipados, y unas fiebres ligeras las mas que se curan con el methodo de Masdeval. Por este último quinquenio se ha sacado haber en cada ano cincuenta muertos entre párbulos y adultos, y sesenta y dos nacidos".[13]

Outras fontes[14] ofrécennos os datos do Boletín Oficial da Provincia da Coruña de xuño de 1.836 que di o seguinte:

Táboa 2: Partido de Pontedeume. Concello de Pontedeume[15]

PARROQUIAS	Nº DE VECINOS	Nº DE ALMAS
Pontedeume, Santiago	476	1.866
Centroña, Santa María	75	310
Breamo, San Miguel	103	474
Nogueirosa, San Cosme	146	647
Vilar, SanPedro	101	449
Ombre, Santa Maria	119	639
Andrade, San martiño	66	267
Boebre, Santiago	62	310
TOTAL	1.148	4.962

Pascual Madoz, no seu "Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesións de Ultramar" de 1845, presentaba así o concello e vila de Pontedeume:

"Ayuntamiento de la provincia de La Coruña, consta de ocho feligresías (Santiago, Andrade, Boebre, Breamo, Centroña, Hombre, Noguerosa y Villar) que reunen sobre 4.200 casas, formando diversos lugares y caseríos. (...) Población: 1.158 vecinos, 5.508 almas. Riqueza impositiva: 580.830 reales.(...)
Villa: Hay 350 casas, algunas bastante buenas y de buena planta, sobre todo en la calle Real, pero en general son viejas y de escasas comodidades. Población: 441 vecinos; 1.796 almas, entre ellos, 122 hombres de mar".

Fariña proporciónanos tamén os seguintes datos, referidos a todas as parroquias eumesas[16]:

Táboa 3: Poboación de Pontedeume (1842-1900)

ANOS	POBOACIÓN
1842	4.154
1860	7.394
1877	8.496
1887	8.502
1900	5.943

13. Vid. SORALUCE BLOND. J.: "Descripción de la villa de Puente de Heume, Pontedeume, 1994. Hai unha reproducción no" nº 10 da *Revista Cátedra* (2003), p. 333-361.

14. FARIÑA JAMARDO, X.: *Os Concellos Galegos. Parte Especial. tomo VII*. Fundación P. Barrié de la Maza, 1993, p.503.

15. Pontedeume é cabeza de partido xudicial desde 1.820, anque o primeiro real decreto date de 1.834. En 1.867 perde este privilexio a prol de Betanzos, pero ao pouco tempo recupérao. Mais en 1.965 queda suprimido, sendo confirmada esta situación pola nova Lei de 1.988.

16. FARIÑA JAMARDO, X., *op. cit.*

Un "libro de viaxes" de finais de século, concretamente, de 1886, ofrece outra tardía descrición:

"Pontedeume, villa, cabeza de partido judicial, con unos 2.000 habitantes y 500 viviendas, asentadas en hermosa situación a la márgen izquierda do río Eume y en la falda del elevado monte Breamo. (...) "[17]

2.1.2 Fontes secundarias

X.R. Barreiro Fernández[18] infórmanos da poboación da vila (parroquia de Santiago) correspondente aos seguintes anos.

ANOS	HABITANTES
1840	1.752
1853	1.753
1858	1.782

Por último, Carlos de Castro[19] proporciona o máis amplo censo de Pontedeume, anque só referido á vila, non a todo o concello:

Táboa 4: Evolución da poboación de Pontedeume (VILLA)

ANOS	FONTE	VECIÑOS	HABITANTES
1591	C. Corona de Castilla	609	
1607	J. del Hoyo	250	
1712	AMP	125	
1752	C. Ensenada	400	
1764	Cornide	400	
1787	C. Floridablanca		1884
1798	D. Juan Valentín	600	
1812	AMP	389	1750
1835	AMP	476	
1838	AMP	397	1745
1840	AMP	387	1752
1841	AMP	422	1694
1842	AMP	406	1770
1844	AMP	388	1576
1845	Dicc. Madoz	411	1796
1900	INE		2718

O propio de Castro advírtenos do pouco fiábeis que son todos os censos anteriores, excepto o último, realizado polo Instituto Nacional de Estatística, como os actuais.

17. VALVERDE Y ÁLVAREZ, E.: *Guía del Antiguo Reino de Galicia*, Madrid, 1886, p. 749.

18. BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R.: *La población de Galicia durante el siglo XIX.en Galicia.* Tomo V. Ed. Hércules, SA. 1999.

19. DE CASTRO ÁLVAREZ, C.: "Los factores del desarrollo urbanístico de Puentedeume a lo largo de su historia", *Revista Cátedra*, nº 8, (2001), p. 40.

E iso é todo. Era evidente que faltaba un estudo máis completo sobre todo do conxunto do concello, onde se analizasen, ademais, as características demográficas: taxas de natalidade, de mortalidade, esperanza de vida, mortalidade infantil, emigración, causas de morte, etc. Ese é o obxecto deste traballo, se ben limitado ao período que abrangue a información contida no AMP, (salvo excepcións) que van desde 1837 a 1870, para as partidas de bautismos, matrimonios e defuncións, e ata os anos 70 para os censos de poboación. Antes daquela data non existen rexistros con datos suficientes (créanse mediante real decreto nese ano, como xa temos visto), e a partir de 1870 son substituídos por unha institución nova, o citado Rexistro Civil, co que cesan os partes ao concello e, con eles, a nosa fonte local.

2.2 Fontes locais (Arquivo Municipal de Pontedeume)

Táboa 5: Evolución da poboación de Pontedeume segundo o AMP (1712-1889)

ANO[20]	VILA		ANDRADE		BOEBRE		BREAMO		CENTROÑA		OMBRE		NOGUEIROSA		VILAR		TOTAL	
	V[21]	H	V	H	V	H	V	H	V	H	V	H	V	H	V	H	V	H
1712	125	(537)[22]			14	(60)	12	(194)									151	(791)
1737	318	(1367)			49	(206)	72	(310)									439	(1883)
1812	331	1750[23]																
1813		1839		432		289		449		275		448		610		567		4909
1835	476	(2049)	66	(284)	72	(310)	89	(383)	75	(322)	159	(684)	146	(628)	101	(434)	1184	(5091)
1838[24]	397	1745	74	330	70	306	129	509	66	296	121	501	122	604	128	542	1107	4833
1840	387	1752	77	331	67	268	92	402	65	290	133	530	126	396	124	316	1011	4285
1841	422	1746	69	271	119	485	81	232	77	329	81	287	116	519	131	426	1096	4293
1842	411	1792	69	266	67	268	100	438	62	219	116	502	126	432	101	339	1054	4264
1843[25]		1735		266		267		396		259		490		412		329		4154
1844	386	1566	72	270	70	272	98	432	59	223	113	460	109	397	86	298	995	3918
1846	491	1827	71	265	60	269	94	109	55	247	89	451	113	415	84	319	1063	4198
1848	385	1728	74	270	69	262	93	428	56	238	98	437	118	430	85	305	978	4098
1849	362	1666	68	240	68	278	102	449	56	240	97	429	118	426	82	301	953	4029
1850	363	1598	64	230	58	254	78	290	59	198	106	452	120	439	75	243	923	3704
1851	385	1672	70	185	59	254	78	301	63	243	99	427	119	433	83	236	956	3751
1853	407	1743	71	187	56	231	77	318	71	238	89	386	115	415	83	223	969	3741
1855	440	1639	44	135	60	227	81	285	40	120	71	285	102	363	73	198	911	3252
1856	427	1618	62	201	55	200	65	196	61	220	69	256	99	358	61	175	899	3224
1857	427	1601	49	153	48	196	78	213	56	209	72	264	99	334	71	212	900	3182
1858	423	1782	56	205	59	220	92	346	61	249	83	344	109	506	66	232	949	3884
1860	419	1766	70	280	90	229	74	326	58	240	87	370	111	459	79	331	953	4001
1861	312		104		64		58		51		137		124		91		941	
1862			79	389	67	254			59	265	119	561					(...)[26]	(...)
1863	72[27]	359							61	275	118	572	110	396	101	444	(...)	(...)
1866	459	1823	77	396	70	256	97	390	64	302	109	408	112	580	115	410	1103	4637
1867	457	2047	102	386	74	281	128	430	73	308	138	429	130	563	134	457	1236	4901
1869		1993										390		598		359	(...)	(...)
1871																	1238	5323
1877	--[28]																2139	8496
1879	271		124		68		92		68		124		125		111		983	4227
1887		2591		505		357		253		372		692		703		314	2189	5788
1889	836	2516	142	507	108	378	96	264	132	387	258	688	229	702	108	327	2795	8575
1900		2634		540		356		192		402		678		813		320	1562	5943

20. Os anos ausentes ou os espazos en branco indican falta de datos ao respecto ou moi deteriorados e ilexíbeis.

21. V. (Veciños); H. (Habitantes).

22. Números entre parénteses : Estimación (Coeficiente de 4,3).

23. Consta "1.750", anque a suma das parroquias dá outra cifra (1.291).

24. A partir deste ano, case todos os censos inclúen información adicional, como o estado civil, a idade e o oficio dos empadroados, debido ao cambio na normativa sobre a confección dos padróns municipais, tras a nova Lei de recrutamento de 31-X-1837.

Táboa 6: Poboación de Pontedeume por sexo e parroquias

ANOS	1843		1850		1851		1867		1889	
PARROQUIAS	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M
Vila	779	956	779	819	747	925	940	1107	1106	1410
Andrade	148	118	134	96	120	69	188	198	239	268
Breamo	201	195	159	131	175	126	209	221	129	135
Boebre	123	144	122	132	121	133	128	153	192	186
Centroña	137	122	117	81	128	115	138	170	181	206
Ombre	255	235	252	200	240	187	239	190	323	365
Nogueirosa	237	174	245	194	247	186	265	298	324	378
Vilar	181	148	123	120	116	120	254	203	155	172
TOTAL	2062	2092	1931	1753	1894	1857	2361	2540	3973	4602

2.3 Fontes modernas (Instituto Nacional de Estatística)

Até aquí os censos do AMP. Para completar o século, acudimos aos do I.N.E., os primeiros "modernos". Achegan tamén outros datos como a poboación por tramos de idades, o estado civil, grao de instrucción, residentes, ausentes, estranxeiros e, incluso, a relixión dos censados. Limitarémonos a constar os datos ata agora utilizados:

Táboa 7: Poboación dos anos 1877, 1887 e 1900 de Pontedeume segundo o INE[29]

ANOS	CÉDULAS (VECIÑOS)	POBOACIÓN DE FEITO	HOMES	MULLERES	POBOACIÓN DE DTO.	HOMES	MULLERES
1877	2139	8496	3852	4644	8610	3961	4649
1887	2189	8502	3854	4648	8659	4003	4656
1900	1562	5943	2625	2318	6097	-	-

25. Este padrón distingue, por primeira vez, entre mulleres e homes (na táboa 6 aparece tal dato, anque non consta en todos os anos). Tamén separa os homes por tramos de idades (<18 anos; 18-25; >25 anos), con fins militares. Ademais, aos veciños da vila, localízaos por rúas de residencia.

26. Datos insuficientes para estabelecer un censo completo de todo o concello.

27. Censo manifiestamente incompleto. O mesmo sucede no ano 1879, que indica: *"Padrón de hombres de 18 a 60 años sujetos a prestaciones personales."*.

28. Incluímos os primeiros censos do I.N.E. correspondentes aos anos de 1877, 1887 e 1900 nesta táboa para facilitar a súa comparanza cos demais, do AMP. Ver capítulo seguinte. Porén, nos anos 1877 e 1887 inclúense dentro do Concello de Pontedeume varias parroquias que non pertencen ao mesmo; é polo que o total do ano 1877 non é real, está moi avultado (nuns tres mil habts.), pero ao non constar as parroquias por separado, non é posíbel sabelo con exactitude. Afortunadamente, o padrón de 1887 si especifica estas parroquias, que non foron contabilizadas nesta táboa.

29. Como xa se ten dito, nos censos dos anos 1877 e 1887 inclúense dentro do concello de Pontedeume varias parroquias que non pertencen ao mesmo: Doroña, Grandal, Güimil, Torres, Vilamateo e Vilarmaior.
A modo de información, simplemente, ofrecemos a situación actual (xaneiro de 2006), da poboación eumesa: 3. POBOACIÓN ACTUAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME (2006)

PARROQUIA	HOMES	MULLERES	TOTAL
Vila	2.263	2.503	4.766
Centroña	203	208	411
Boebre	230	218	448
Nogueirosa	459	445	904
Ombre	254	265	519
Vilar	420	460	880
Andrade	214	233	447
Breamo	174	181	355
TOTAL	4.197	4.513	**8.710**

3. ESTUDO DA EVOLUCIÓN DA POBOACÓN DE PONTEDEUME (1813-1900)

Táboa 8: Taxas decenais de crecemento intercensal (r)[30] Pontedeume (1840 – 1900)

	VILA PONTEDEUME			CONCELLO PONTEDEUME		
DÉCADA	POBOACIÓN MEDIA	INCREMENTO	r(%)	POBOACIÓN MEDIA	INCREMENTO	r(%)
1840-1850	1675	-15,4	-9,2	3994	-581	-9,2
1850-1860	1682	168	9,9	3852	297	7,7
1860-1867	1906	281	14,7	4451	900	20,2
1877-1877	--[31]	--	--	6240[32]	887	14,2
1877-1887	--	--	--	7142	-2708[33]	-37,9
1887-1900	2612	43	1,6	6768	155	2,3

3.1 Comentario das táboas demográficas

Tras o estudo dos datos anteriores, pódense tirar varias conclusións sobre a demografía de Pontedeume durante este período do século XIX, tendo en conta as limitacións con que nos encontramos nas fontes[34]:

1º. Como característica previa, sobresae a irregularidade no proceso de crecemento da poboación, ao igual que sucede coa poboación española durante o século XIX[35]. Non obstante, en Pontedeume encontramos unha evolución diferente:

a)Unha primeira etapa de aumento acelerado, desde 1813 ata 1838: 2.996 habitantes máis; r: 89,7%, en tan só 25 anos (r anual de 3,58%).

b) Seguido dun retroceso demográfico alarmante: de 1838 a 1860 perdéronse 832 habts., cunha r: -18, 83 % (-0,85 % anual). Máis adiante veremos a causa desta situación, que se enmarca nas crises de subsistencia típicas das sociedades agrarias, que provocan unha elevada mortali-

30. A taxa de crecemento intercensal (r) calcúlase dividindo o incremento poboacional no período que se trate (neste caso dez anos) pola poboación media en dito período, referido a 100 habitantes (PRESSAT, R.: *Los métodos en Demografía*, Barcelona, 1983).

31. Non hai datos de 1877 por parroquias. Datos tomados con respecto á poboación de feito.

32. Incremento esaxerado debido á estatística de 1877 que, probabelmente, inclúe parroquias non pertencentes a Pontedeume (ver nota 22).

33. Esta diminución é debida á eliminación das parroquias foráneas que se fixo do censo de 1887 e que no de 1877 non se pode realizar, por non aparecer individualizadas (ver nota anterior e a 22).

34. Os problemas son de dous tipos:
- As dificultades de homologación dos datos, sobre todo, nos primeiros anos do século, por ser moi escasos, coa frecuente situación de censar só os "veciños", excluíndo ao resto da poboación. Debemos tomar estes datos con todas as cautelas.
- As lagoas de información en determinados anos, incluso no primeiro censo "moderno" de 1877, que non detalla a poboación por parroquias, nin sequera a da vila. Ademais, está "inflado" con parroquias alleas (como o de 1887), pero a diferenza deste, non as especifica, co cal non podemos saber cal é a poboación real de Pontedeume.

35. Vid. PÉREZ MOREDA,V.: *La evolución demográfica española en el siglo XIX. 1.985.* O autor distingue dúas fases contrapostas: unha, de crecemento acelerado da poboación, de 1815 a 1860; e outra, de diminución do mesmo, a segunda metade.

dade catastrófica (típico caso de: malas colleitas=fame=epidemias). Podemos dicir que en Pontedeume a crise demográfica resultante foi máis grave que na media española.

Precisamente, este é o punto central deste traballo, e que esperamos amosar ao longo do mesmo: **a crise demográfica, económica e sanitaria que sufriu o concello nos anos centrais do século, abranguendo desde a segunda metade dos anos corenta ata o final dos cincuenta**.

Non obstante, e grazas ao crecemento da primeira fase, o resultado é positivo nesta primeira metade de século, con 2.162 habitantes a maiores, o que equivale a unha taxa de crecemento intercensal (r) de 74%.

c) Ao contrario que no resto de España, a segunda metade do século caracterízase por unha recuperación demográfica, desde 1858 en adiante, duplicándose a poboación na década dos anos setenta. De todas formas, ao final do século, a emigración (como no resto de Galicia e aínda do rural español) ocasionará unha perda neta demográfica, da que no se librará a comarca eumesa:

- 1860: 4.001 habts.
- 1889: 8.575 "
- 1900: 5.943 "

En síntese, o comportamento demográfico de Pontedeume é diferente ao da media española nas súas etapas, anque lastrado polos seus mesmos problemas: as crises de subsistencias, a presenza dunha alta mortalidade e o crecente fluxo da emigración exterior[36].

Efectivamente, durante estes anos, as epidemias de cólera, (no bienio 1854-55), as enfermidades sociais, especialmente a tuberculose, a persistencia das carestías (en Pontedeume, durante os fatídicos anos cincuenta), e a emigración a América (sobre todo, no último cuarto de século) e norte de África, constituíron o que J. Nadal denomina *"frenos internos obstaculizadores del dinamismo demográfico"* [37].

En conxunto, durante o século XIX, Pontedeume, como o resto do país, mantivo un ritmo de crecemento poboacional de tipo antigo cunhas altas taxas vitais (fecundidade e mortalidade), o que levou un escaso crecemento vexetativo (0,54%, a media española), a diferenza das nacións europeas occidentais onde as taxas medias superaron amplamente o 1%[38].

Se comparamos o comportamento demográfico eumés co de Galicia, R. Villares[39] estabelece parecidas fases ás de España, repetíndose as diferencias apuntadas con respecto a Pontedeume[40]:

36. Vid. PÉREZ MOREDA, V.: *La modernización demográfica, 1800-1930. En La modernización económica de España, 1830-1930*, SÁNCHEZ ALBORNOZ, N. (coord.), Madrid, 1985.

37. Vid. NADAL, J., *op. cit.*

38. Vid. PÉREZ MOREDA, V. cita 35.

39. Vid. VILLARES PAZ, R.: *Historia de Galicia. Idade Contemporánea.* Ed. Alhambra, 1990.

40. Vid. Táboa 1: Poboación de Galicia e de España.

a) 1ª fase: 1787-1860: Menor crecemento de Pontedeume nun período en que o resto da comunidade (e do Estado) aumentaban a súa poboación (en Galicia, de 1787 a 1860 gañouse un 5,7% anual, cunha reducción da natalidade e da mortalidade de – 30% e 21%, respectivamente).

b) 2ª fase: 1860-1900: Cando o crecemento galego e español se debilita, sobre todo aquel, debido á emigración (Galicia: 10,5%; España: 20,2%), Pontedeume ten unha etapa de prosperidade demográfica, anque a final de século volve a retroceder.

Desde 1860 advírtese tamén un proceso de dispersión poboacional do interior cara á costa, especialmente das provincias de Lugo e Ourense cara aos municipios ribeiráns das provincias da Coruña e Pontevedra, gañando no transvase, sobre todo, as cidades e pobos de Vigo, Vilagarcía, Ribeira, Fene, Mugardos e Pontedeume: é dicir, comeza a afirmarse unha Galicia costeira fronte a unha interior, fiel reflexo das dúas Galicias económicas que aínda subsisten[41].

Gráfico 3: Evolución do crecemento da poboación de Pontedeume (1813-1900)



3.2. Relación de poboación vila / Concello[42]

1813: 37	1835: 42	1838: 36	1840: 41	1842: 42	1843: 42	1844: 40
1846: 43	1848: 42	1849: 41	1850: 43	1851: 45	1853: 47	1855: 50
1856: 50	1857: 56	1858: 46	1860: 44	1866: 39	1867: 42	1887: 31
1889: 29	1900: 44					

En canto á vila de Pontedeume, observamos unha certa diferenza na súa evolución con respecto ao total municipal. Temos unha poboación estancada durante trinta años (desde 1838 ata 1866) nunha media, con altibaixos, de 1.700 habitantes. Pero, desde mediados da década dos sesen-

41. Vid. BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R.: *Galicia en los siglos XIX y XX. Enciclopedia temática de Galicia.1988.*

42. Indica a proporción de poboación da vila en comparación co total do concello (en %).

ta, consegue despegar, gañando poboación á custa do resto do municipio, aumentando en 874 persoas nestes últimos corenta anos, o cal supón un 40% máis (1 % anual). Deducimos que parte do éxodo das parroquias rurais emigrará á vila, dentro dun proceso de urbanización que caracteriza á época. Podemos observar, polo tanto, tres períodos ao respecto:

a) 1813-1857: Aumento lento pero constante da vila (de 37% a 56% da pob. total en 44 años: 19 puntos -0,4 ao ano-), alcanzando o máximo porcentaxe neste ano de 1857, posibelmente debido aos anos de crise desa década, na que os campesiños arruinados pola perda das súas colleitas, acudían aos pobos en busca da caridade municipal. Son os anos da fame de 1853 , do cólera de 1854-55 e da crise de 1857(nese año, a vila acollía a máis da metade do censo municipal).

b) 1858-1889: Diminución continua da vila (do 46% ao 29 %: 17 puntos en 31 anos (medio punto ao ano). O fin da situación anterior e, posibelmente, a emigración transoceánica (ver máis adiante este capítulo), fixeron diminuír o papel demográfico da vila, malia do transvase de parte de dúas parroquias (Breamo e Vilar) en 1882, como veremos máis adiante.

c) 1889-1900: A falta de datos deste período (excepto do último ano) impídenos acceder a un coñecemento exacto de como se produciu unha sorprendente recuperación da vila, que a final de século recupera a súa posición media de todo este período estudado (42%) e aínda a supera en dous puntos, en coherencia co crecemento urbano xeneralizado do fin de século XIX e principios do XX.

Gráfico 4: Proporción de poboación vila / Concello (1813-1900)

3.3 Evolución comparada das parroquias

Se compararmos o primeiro censo completo, o de 1838, co último, de 1900, podemos contrastar o comportamento das distintas parroquias durante estes sesenta e dous anos entre si:

Táboa 9: Comparativa da evolución demográfica por parroquias (1838-1900)

PARROQUIAS	1838	POSICIÓN	1900	POSICIÓN	DIFERENZA EN HABTS.	%	ANO MINIMO EN POBOACIÓN	CENSO	DIFERENZA respecto a 1838
VILA	1745	1ª	2634	1ª	+889	33,7	1844	1566	-179
NOGUEIROSA	604	2ª	813	2ª	+209	25,7	1857	339	-265
VILAR	542	3ª	320	7ª	-222	-41	1856	175	-367
CENTROÑA	296	8ª	402	5ª	+106	26,3	1846	109	-187
OMBRE	501	5ª	678	3ª	+177	26,1	1856	256	-245
ANDRADE	330	6ª	540	4ª	+210	38,8	1855	135	-195
BOEBRE	306	7ª	356	6ª	+50	14	1857	196	-110
BREAMO	509	4ª	192	4ª	-317	-62,2	1855	120	-389
TOTAL	4833	-	5943	-	+1110	18,6	1857	3182	-1651

Vemos que en 1838 a situación por parroquias era a seguinte:

-Excluíndo a Vila, a parroquia más poboada era Nogueirosa con máis de 600 habitantes.

-Seguíanlle tres de máis de 500 censados, que eran Vilar, Ombre e Breamo.

-A continuación, dúas freguesías superaban as 300 almas.

-A máis pequena era Centroña, que por pouco non chegaba a esta cifra.

A final de século, non obstante, as posicións cambiaron para case todas as parroquias:

-Nogueirosa, é a única excepción, pois segue a ser a máis poboada, gañando unha cuarta parte de habitantes.

-Case todas as demais tamén aumentaron os seus efectivos demográficos, destacando Andrade, con preto do 40% máis.

-Centroña e Ombre tamén gañaron posicións, crecendo máis da cuarta parte.

-Boebre permanece case igual, cun lixeiro incremento.

-Por último, só dúas parroquias perden poboación e posición relativa: Vilar, reducida a preto da metade do que era en 1838, e sobre todo, a que pasa a ser a última, Breamo, que diminúe en arredor de ¡dous terzos! dos seus moradores.

A razón deste último dobre descenso tan inusual é simple: un cambio administrativo. En 1882, douscentos vinte e catro veciños de varios lugares das parroquias de Vilar (119) e Breamo (105) solicitaron e conseguiron a anexión por parte da Vila; así se explica tanto parte do incremento desta (de 1861 a 1867 gañou 600 habitantes) como a diminución –anómala- de Vilar (-45) e Breamo (-177), segundo os censos más próximos a esa data dispoñíbeis: 1867 e 1887[43].

A última parte da táboa infórmanos dos anos en que cada parroquia atravesou o seu mínimo demográfico. Pois, se ben, como acabamos de ver, case todas aumentaron en poboación (e o total , en case unha quinta parte), nesta evolución positiva houbo os seus altibaixos; e todas as parroquias teñen un mínimo en común, durante a crise dos años corenta e cincuenta:

-A vila e Centroña na primeira década. Esta última parroquia viuse reducida a ¡a terceira parte!

43. Segundo documento conservado no AMP e exhumado por C. DE CASTRO para o seu libro *Urbanismo de Pontedeume* de próxima publicación.

-Peores foron, en xeral, os anos cincuenta, concentrados en dúas datas: 1856 para Ombre (a metade do censo de1838) e para Vilar (¡menos da terceira parte!); e o ano seguinte para Nogueirosa e Boebre, que sufriron senllos mínimos similares.

Andrade e Breamo serán das máis afectadas pola crise de 1855. Nese ano ambas parroquias veranse reducidas a un 40 e un 23 por cento, respectivamente.

No seu conxunto, o ano que tocou fondo, demograficamente, Pontedeume será 1857, en que terá un censo da terceira parte do que acadara vinte anos antes, en 1838, o cal nos dá unha idea da gravidade da crise dos anos cincuenta.

Máis tarde, recuperaríanse todas as parroquias, como vimos, anque de xeito desigual. Houbo, polo tanto, unha evolución negativa nos anos centrais do século, seguida dun incremento xeneralizado na segunda metade .

4. MOVEMENTO NATURAL DA POBOACIÓN DE PONTEDEUME (1837 – 1870)

4.1 Nacementos

En primeiro lugar, podemos apreciar a existencia de tres fases ben diferenciadas:

1ª: 1835-1845: Niveis altos de natalidade, cun máximo de 193 bautizados en 1842.

2º: 1846-1857: Drástica diminución: mínimo de só 74 natalicios en 1853 (ano da Fame), o cal supón un 38% menos de nacementos comparado co ano "récord" mencionado. Séguenlle os anos de 1856 e 1857, que tamén sufriron unha difícil conxuntura agraria. Trátase da década central do século, época da principal crise económica e demográfica de Pontedeume.

3º: 1858-1870: Recuperación e aumento global, cun máximo de 202 natalicios en 1865; anque diminúe ao final, cuns resultados moi similares aos do principio de todo o período estudado (1838: 180; 1870: 191).

No hai, polo tanto, unha diminución paulatina da natalidade, que sería síntoma dun cambio cara ao modelo transitorio demográfico, senón que estamos ante uns niveis altos de fecundidade, propios do modelo demográfico antigo, sometidos aos vaivéns das crises, as cales, ademais de incrementar a mortalidade, como veremos máis adiante, reducían visibelmente o número de nacementos.

O estudo por parroquias tira o seguinte resultado:

+Vila: Parecido ao xeral, cun máximo en 1865 (89) e un mínimo en 1853 (21). Case idéntico balance en 1838 (74) que en 1870 (72).

+Centroña: Diminución xeral, incluso perdeu poboación en cifras absolutas, cun mínimo en 1847 de ¡1 nacemento!

+Vilar: Idénticos resultados, cun ano (1863) de só oito bautizados.

+Andrade e Nogueirosa: Mínimos nos anos 50 e 53, con 4 e 6 nacementos, respectivamente.

Táboa 10: Nacementos de Pontedeume (1835-1870)[44]

ANOS	VILA			ANDRADE			BOEBRE			BREAMO			VILAR			CENTROÑA			OMBRE			NOGUEIROSA			TOTAL		
	HO	MU	TO	HO	MU	TO	HO	MU	TO	HO	MU	TO	HO	MU	TO	HO	MU	TO	HO	MU	TO	HO	MU	TO	HO	MU	TO
1835			74			10			9			13			26			11			14			23			180
1837	35	39	74	4	5	9	3	6	9	9	7	16	6	10	16	3	3	6	11	13	24	8	10	18	79	93	172
1838	42	28	70	3	3	6	0	3	3	13	7	20	7	8	15							7	8	15	72	59	131
1839	38	43	81																								
1840	33	26	59																								
1841	29	40	69																								190
1842	33	19	52																								193
1843	32	46	78																								180
1844	41	31	72																								174
1845	40	44	84																								178
1846																									70	58	128
1847	35	31	66	2	3	5	4	4	8	17	3	20															
1848	30	28	58																						59	63	122
1849	25	32	57																						73	69	143
1850	24	24	49	3	1	4	2	4	6	14	7	21				3	4	7	9	2	11	6	6	12	61	49	110
1851	27	30	57																								
1852	27	26	53	2	2	4	8	3	11	6	10	16				3	3	6	7	7	14	4	2	6	57	33	90
1853	10	11	21	3	4	7	7	3	10	14	12	26				4	6	10	3	3	6	5	5	10	37	37	74
1854	54	29	63	6	6	12	6	2	8	14	22	36				1	4	5	10	7	17	7	7	14	78	77	155
1855	15	18	33	7	7	14	5	3	8	16	16	32				8	3	11	4	8	12	9	6	15	64	61	125
1856	20	24	44	6	4	10	1	4	5	12	10	22				6	2	8	5	3	8	7	5	12	56	53	109
1857	31	22	53																						55	53	18
1858	22	21	43	8	3	11	4	7	11	4	4	8	8	9	17	6	7	13	9	10	19	5	8	13	67	68	135
1859	29	22	51	6	9	15	3	3	6	13	13	26	12	13	25	4	4	8	0	2	2	6	5	11	73	71	144
1860	23	21	56																								
1861	28	39	67																								
1862	34	24	68																								
1863	37	31	68	7	5	12	3	4	7	10	11	21	3	5	8	3	4	7	13	3	16	12	7	19	88	73	161
1864	35	47	82																								
1865	37	52	89	7	87	15	6	4	10	8	11	19	8	15	23	2	6	8	6	10	16	9	13	22	83	119	202
1866	38	39	77																								
1867	57	35	92																								
1868	36	46	82																								
1869	37	30	67																						83	73	169
1870	36	36	72																						103	88	191
TOTAL	1050	1045	2169	65	60	135	52	50	111	242	223	504				44	46	111	85	72	171	92	88	203	1330	1268	3710

44. **HO:** Homes; **MU**: Mulleres; **TO**: Total. Os anos con espazos en branco non posúen datos ou son insuficientes. Cando aparece o espazo da parroquia de Vilar baleiro, é que os seus bautizos van incorporados ao da parroquia de Breamo, sen poder distinguirse cales pertencen a cada unha.

Por sexos, nacen como en todo o mundo, máis nenos que nenas, en proporción similar: 38 homes máis, ao longo de 33 anos.

Por último, a media anual é de 64 bautizados para a vila, algo máis da metade do total, que ascende a 120[45].

4.2 Defuncións

4.2.1 Defuncións por idades

Táboa 11: Defuncións de Pontedeume por grupos de idades (1846-1870)[46]

ANO	IDADE																				
	<1	1-5	5-10	10-15	15-20	20-25	25-30	30-35	35-40	40-45	45-50	50-55	55-60	60-65	65-70	70-75	75-80	80-85	85-90	>90	TOTAL
1846	19	11	1	3	2	3	4	2	10	4	3	3	6	3	9	4	4	7	3	0	94
1847	24	19	6	0	1	1	3	3	3	2	5	9	5	9	9	1	8	3	2	1	123
1848	22	22	4	2	1	1	4	4	6	1	5	4	8	4	15	0	11	3	3	1	121
1849	19	25	1	3	1	4	2	6	1	4	5	5	1	22	9	1	1	4	1	0	125
1850	12	8	1	0	2	3	1	2	2	5	4	6	4	8	6	10	6	2	2	0	85
1851	0	3	6	4	23									11							90[47]
1852[48]	9	11	7	0	4	6	5	5	4	3	9	8	4	5	9	10	3	3	2	1	128
1853[49]	7	3	2	1	4	1	5	5	3	4	2	9	2	4	5	5	3	5	2	0	72
1855	11	15	12	7	8	7	7	17	9	14	16	18	19	28	13	12	9	14	2	2	240
1856	10	8	2	3	2	1	0	3	8	6	3	6	3	13	3	7	4	5	1	1	89
1857	16	8	0	0	0	3	1	2	1	5	0	5	0	15	3	6	2	2	1	0	70
1858	7	6	11	5	3	4	7	4	3	5	1	3	5	11	3	3	6	2	0	0	90
1859[50]	14	29	9	6	2	5	1	4	3	5	4	3	9	3	3	3	5	2	0	0	110
1863	16	16	5	1	3	2	3	2	1	0	2	6	0	3	10	8	9	4	0	0	91
1865	30	33	4	2	0	5	2	3	5	1	1	7	3	8	9	5	4	8	0	0	128
1869	18	35	4	1	42[51]									10	6	9	12				137
1870	14	33	3	4	58									29							141
TOTAL	248	285	78	42	33	46	45	62	59	59	60	92	69	156	113	103	74	57	20	6	2560[52]
%[53]	9,6	11,1	3	1,6	1,2	1,7	1,7	2,4	2,3	2,3	2,3	3,5	2,6	6	4,4	4	2,8	2,2	0,7	0,2	100

45. Vid: RODRÍGUEZ GALDO, Mª.X.: "Hambre, epidemia y crisis demográfica en la Galicia litoral a mediados del siglo XIX" en: *Revista Asclepio*, nº 35, 1983, páx. 61: Anque o estudo abrangue unha boa parte das comarcas costeiras galegas, as conclusións son válidas para o concello de Pontedeume, como puidemos ver ata agora: *" los índices muestran una fase de estancamiento de la natalidad en torno a los años centrales de la década de 1850, que será seguida por un claro ascenso, en líneas generales, de las cifras absolutas de bautizados al final de la década y durante buena parte de la los años 60. En lo que concierne al período 1853-57, los valores se mantienen por debajo de la media. Los años más afectados fueron los de 1853 y 1857, con un descenso global superior al 10%. sobre los nacimientos "esperables". 1853 fue el ano más penoso desde el punto de vista del hambre, y el primer semestre de 1857 se caracterizó también por las dificultades alimenticias, debido a la deficiente cosecha del ano anterior."*

46. Inclúense só os anos dos que hai datos, anque sexan incompletos, o cal se advertirá. Os grupos de idades son os que constan no AMP, de cinco en cinco, pero repetíndose as cifras; preferimos deixalo tal cal, anque supoñemos que será así: 1-5/ 6-10/ 11-15/,...

47. Os datos desglosados por grupos de idades –de maneira parcial-, corresponden só á vila, sumando 47. O resto, até eses 90, son das demais parroquias, anque descoñecemos a distribución e, ademais, consideramos que non están completos.

48. Datos incompletos, excepto para a parte da vila.

49. Ídem nota anterior.

50. Faltan algúns datos de tres parroquias.

51. Como no ano 1851, só coñecemos os defuntos dalgúns tramos de idade , maiores aos normais de 5 en 5; é o caso de 15 - 60 e 75 - >90 para 1869, e de 15 - 60 e 60 - >90 para 1870.

52. A suma total de falecidos é maior (2.735), pero descontamos os correspondentes a eses tramos de idades maiores a cinco, ao non poder desglosalos nos grupos dun lustro nin, polo tanto, poder facer as porcentaxes. Damos constancia deles, pero non os tivemos en conta.

53. Porcentaxe de mortos de cada grupo de idade, sobre o total de falecidos (ver nota anterior).

Gráfico 5: Defuncións de Pontedeume por grupos de idades (1846-1870)



Como xa se ten dito con anterioridade, a mortalidade infantil neste período (e en xeral, até o século XX), é moi elevada, supoñendo as cotas maiores de porcentaxe de defuncións. Destacan os correspondentes aos menores de cinco años, (a quinta parte), sucumbindo unha boa parte deles –case a metade- no primeiro ano de vida, a fase más perigosa por razóns obvias.

Una vez pasados estes anos críticos, a mortalidade diminúe considerabelmente ao longo da xuventude e a madurez, advertíndose un novo repunte a partir dos sesenta anos, fronteira do que debía ser a "vellez" (en total, outra quinta parte), pois no lustro 60 – 65 anos dáse o máximo de defuncións; a partir dese quinquenio, diminúen as cifras, por ser máis escasos os superviventes a tan "avanzada" idade. Efectivamente, os maiores de setenta e cinco anos son poucos, e testemuñais a partir dos oitenta. Destaca o ano 1855 pola sobremortalidade debida ao cólera (carecemos de datos por grupos de idades do ano anterior, en que a mortalidade foi aínda maior). Observamos que a epidemia non se cebou na poboación infantil, senón na madura e na non demasiado senil.

4.2.2 Defuncións por parroquias e anos

Táboa 12: Defuncións de Pontedeume por parroquias (1835-1870)[54]

ANOS	VILA			ANDRADE			BOEBRE			BREAMO			VILAR			CENTROÑA			OMBRE			NOGUEIROSA			TOTAL		
	HO	MU	TO	HO	MU	TO	HO	MU	TO	HO	MU	TO	HO	MU	TO	HO	MU	TO	HO	MU	TO	HO	MU	TO	HO	MU	TO
1835			60			7			8			6			21			2			14			13			131
1837	38	36	74	1	6	7	4	0	4	5	3	8	7	9	16	1	5	6	6	13	19	11	10	21	73	82	155
1838	34	32	66	1	0	1	2	1	3	3	8	11	10	10	20	-	-	-	-	-	-	6	5	11	56	56	112
1839	25	40	65																						-	-	-
1840	37	34	71																						-	-	-
1841	18	24	42																						-	-	105
1842	35	28	64																						-	-	197
1843	25	34	59																						-	-	136
1844	21	27	48																								167
1845	27	36	63																								-
1846	20	19	39	1	3	4	1	8	9	11	6	17				2	3	5	6	4	10	2	2	4	43	45	88
1847	35	31	66	-	-	3	-	-	12	-	-	6	-	-	22	-	-	8	-	-	7	-	-	9	-	-	123
1848	17	33	50	-	-	10	-	-	3	-	-	7	-	-	14	-	-	7	-	-	7	-	-	12	-	-	121
1849	25	32	57	-	-	10	-	-	14	-	-	8	-	-	18	-	-	9	-	-	10	-	-	7	-	-	125
1850	12	20	32	5	1	6	3	0	3	3	5	8	3	5	8	7	2	9	11	3	14	5	4	9	49	40	89
1851	28	18	46																						-	-	-
1852	21	24	45	5	5	10	4	6	10	9	5	14	10	10	20	6	3	9	8	8	18	5	5	10	68	66	134
1853	20	16	36	3	4	7	7	3	10	4	3	7	7	11	18	4	6	10	10	6	16	5	4	9	79	67	145
1854	72	120	192	8	11	19	1	2	3	17	40	57				3	7	10	2	2	4	8	12	20	111	194	305
1855	21	28	49	10	14	24	13	14	27	31	26	57				6	7	13	25	21	46	6	5	11	111	115	226
1856	14	18	32	2	10	12	2	3	5	5	3	8	4	2	6	5	6	11	2	6	8	2	3	5	34	55	89
1857	15	29	44	-	-	4	-	-	3	-	-	3	-	-	6	-	-	5	-	-	8	-	-	4	33	44	77
1858	18	14	32	4	6	10	1	0	1	3	9	12	5	6	11	4	6	10	3	10	13	3	3	6	40	51	91
1859	9	30	39	3	5	8	2	3	5	9	3	12	6	5	11	7	9	16	7	5	12	4	4	8	47	64	111
1860	24	10	34																						-	-	-
1861	18	15	33																						-	-	-
1862	15	16	31																						-	-	-
1863	24	23	47	1	2	3	1	2	3	5	3	8	4	4	8	1	2	3	5	4	9	10	3	13	51	43	94
1864	29	30	59																						-	-	-
1865	30	34	64	7	2	12	2	2	4	4	3	7	9	4	13	5	6	11	4	3	7	5	5	10	66	62	128
1866	20	22	42																						-	-	-
1867	19	29	48																						-	-	-
1868	29	27	56																						-	-	-
1869	37	33	70	7	5	15	1	2	3	-	-	-	15	16	31	-	-	-	-	-	-	6	12	18	67	69	136
1870	24	34	58	-	-	-	4	3	7	-	-	-	10	12	22	4	4	8	5	7	12	23	19	42	66	75	141
TOTAL	856	996	1913	51	72	157	47	43	134	109	111	295	75	78	234	55	6	157	85	72	171	95	84	224	994	1128	3229

54. **HO:** Homes; **MU**: Mulleres; **TO:** Total. Os espazos en branco: sen datos ou insuficientes. Cando o espazo de Vilar está el só en branco, é que está incluído no de Breamo, sen poder distinguirse as cifras de cada parroquia por separado. Algúns anos, como os que van de 1846 a 1849, e 1854, 1855 e 1857, achegan tamén outras cifras, correspondentes a distintos cómputos (por trimestres ou por idades) que non coinciden coas expresadas na gráfica, e que obviamos por parecernos estas máis fiábeis.

4.2.3 Comentario da táboa de defuncións por períodos

A diferenza da táboa de nacementos, podemos distinguir catro fases durante este período, anque son bastante similares a aquelas:

1ª: 1838-1850: taxas altas, anque en descenso: Máx: en 1842 (197); Mín: en 1846 (88). Media: 129 ao año.
2ª: 1852-1855: crise demográfica: gran incremento: Máx: en 1854 ((305) e en 1855 (226) debido ao cólera, e en 1853 (145), pola fame; o cal supón unha media de 203 defuncións ao ano para este período, 74 máis que na fase anterior (un 36%), que sube a un 58% en 1854 –o peor ano- e a un 43% máis para 1855.
3ª: 1856-1863: Diminución da mortaldade: Mínimo absoluto en 1877 con só 77 falecidos. a media é de 92 ao ano, o que representa un 45% menos que no período anterior.
4ª: 1865-1870: Aumento outra vez, ata chegar a niveis parecidos aos do principio: 1838: 131; 1870: 141.

Tampouco observamos nas defuncións, polo tanto, un síntoma de diminución da mortalidade, senón que continúan os valores elevados propios do sistema demográfico antigo, incrementados excesivamente polas típicas crises demográficas de falta de alimentos e as conseguintes epidemias que deciman a poboación, eliminando o excedente –escaso- dos anos "normais".

A media de todo o período estudado é de 112 defuncións ao ano. Se a da natalidade era de 120, temos ¡só 8 persoas de excedente cada ano! Así se comprende o débil crecemento de Pontedeume no século XIX.

A vila proporcionaba 55 defuntos/ano, é dicir, a metade, como xa temos visto que sucedía cos natalicios.

Por sexos, morren máis mulleres que homes: 134, un 4%, en dez años de 16 , desglosados. Isto é máis evidente nos anos do cólera polo seu maior contacto cos enfermos. En 1854, son nada menos que 83 mulleres máis que homes (un 27%), anque ao ano seguinte as cifras están case igualadas[55].

55. RODRIGUEZ GALDO, Mª. X., *op.cit.*, páxs. 53-68. A autora estuda oito comarcas costeiras galegas e analiza o impacto que a crise de subsistencias de 1853 e a epidemia de cólera dos anos 1854-55 provocou nesa rexión: En 1853 a mortalidade incrementouse nun 21%; un 90% no ano 1854 e un 33% no 1855. Pontedeume pertence á zona das Mariñas, , que inclúe tamén a ría de Ferrol. Utiliza a escala de niveis para a caracterización da crise de Dupaquier, (magnitudes do un ao seis) e tira o resultado da existencia dunha crise menor para o ano 1853 (fame) e dous anos de crise forte, 1854-55 (cólera) para a referida comarca. Así mesmo, as series separadas de adultos e párvulos (menores de oito anos) infórmannos da menor incidencia do cólera nestes últimos, pois a sobremortalidade é superior nos adultos, tanto nas Mariñas coma en todo o territorio comprendido (como en Pontedeume).
Véxase, tamén, da mesma autora, "Hambre y enfermedad en Galicia a mediados del siglo XIX" en *Revista Asclepio*, nº 29, 1977, págs. 331-341; e , sobre todo, con DOPICO, F.: "Comportamiento demogáfico y enfermedad, contribución a un modelo gallego para mediados del siglo XIX", en: *Crisis agrarias y crecimiento económico en Galicia en el siglo XIX*, Ediciós do Castro, 1981, págs. 161-178, centrado precisamente en Pontedeume e a crise demográfica de mediados do século. Hai unha versión deste estudo na *Revista Cátedra*, nº 12, 2005, na sección Escolma da nosa historia, p. 159-178, acertadamente recuperada polo seu interese e que, pola súa accesibilidade, obviamos reproducir aquí.

4.2.4 Estacionalidade da mortalidade

Apreciamos un máximo de mortalidade nos meses con máis mortos do ano e no total de falecidos neses anos, nas estacións de outono e inverno, por orde decrecente: nos meses de novembro, outubro, decembro, xaneiro e febreiro. Isto é debido ás enfermidades respiratorias ocasionadas polo clima, e anque afecta a todas as idades, serán os nenos e anciáns os máis prexudicados.

En cambio, en primavera e verán, aprécianse os mínimos de mortalidade, con xuño, abril, maio, marzo, xullo e agosto como os meses con menos falecidos en máis ocasións, malia a maior incidencia das enfermidades gastrointestinais (diarreas).

Se incluímos os mortos pola epidemia de cólera de 1854-55, estes resultados aínda serán máis claros, cun máximo en ambos anos no mes de outubro, seguido de novembro en 1854 e setembro en 1855. A epidemia a penas afectou no verán e desapareceu cos fríos do inverno.

Gráfico 6: Estacionalidade da mortalidade en Pontedeume



4.2.5 Mortalidade infantil

Cando comezamos a "baleirar" os rexistros de defuncións do AMP, impresionounos a moi frecuente anotación á marxe: "PÁRVULO". Se ben, esta acepción, en sentido estricto, indica un neno de menos de oito anos de idade, a maior parte deles (e, polo tanto, dos falecidos en xeral) eran bebés de meses ou de poucos anos. Incluso nos rexistros de nacementos, á marxe dos datos do bautizado, apuntábase ao pouco tempo a palabra fatídica: "Morreu". As frías cifras, pois, esconden multitude de dramas familiares que, hoxe, afortunadamente, desapareceron.

A TMI media para todo este período de 31 anos é de 116 º/ºº para a vila, cun máximo en 1840 de 322 º/ºº, e un mínimo en 1851 no que, extraordinariamente, non hai rexistrada a morte de ningún menor.

Táboa 13: Mortalidade infantil en Pontedeume (1837-1870)[56]

	< 1 ANO		< 10 ANOS		< 14 ANOS		T.M.I. (<1 ANO)		% T.M.I. (<1A./<14A.)	
ANOS	VILA	CONCELLO	VILA	CONCELLO	VILA	CONCELLO	VILA	CONCELLO	VILA	CONCELLO
1837	14	31	32	68	34	70	189	180	41	44
1839	14				39		200		36	
1840	19				33		322		57	
1841	3				14		43		21	
1842	7				17		134		41	
1843	12				25		154		48	
1844	4				13		55		31	
1846		19		38		39		148		49
1847	10	24	29	49	21	49	151	195	48	49
1848	12	22	25	48	25	50	207	153	20	44
1849	6	19	19	45	20	48	105	183	30	40
1850	4	12	7	21	7	21	82	109	57	57
1851	0	-	9	-	13	-	0	-	0	-
1852	3	-	6	-	8	-	57	-	37	-
1853	3	13	11	28	14	29	142	176	23	45
1854	7	14	10	-	47	97	111	90	15	14
1855	4	11	9	38	10	45	121	88	3	24
1856	2	10	10	20	11	23	45	92	18	43
1857	5	16	11	24	16	24	94	148	31	55
1858	4	7	13	24	13	29	93	52	31	24
1859	4	14	15	52	17	58	44	97	23	24
1860	8	-	11	-	11	-	143	-	73	-
1861	9	-	15	-	17	-	134	-	53	-
1862	8	-	16	-	16	-	118	-	50	-
1863	4	16	18	37	19	38	59	99	21	42
1864	13	-	29	-	30	-	158	-	43	-
1865	9	30	35	67	32	69	101	148	28	43
1866	10	-	16	-	16	-	130	-	62	-
1867	7	-	22	-	22	-	76	-	32	-
1868	1	-	24	-	28	-	134	-	39	-
1869	4	18	28	57	29	58	60	106	14	31
1870	-	14	25	50	25	56	-	73	-	25

Para todo o Concello, cun rexistro inferior (só 17 anos), a media é algo maior: 126º/ºº, dez puntos máis. O máximo rexistrouse en 1847 (195) e o mínimo en 1858 (52). Analicemos estes datos con máis detemento:

Vila: unha evolución moi irregular. De 1837 a 1844, a TMI descende moitísimo (de 189 a 55), pero desde o ano seguinte e ata o 48, aumenta en 77 puntos. E os anos seguintes serán peores: En 1853, o ano do fame, a mortalidade é moi alta, sendo maior no concello (as parroquias rurais) que na vila (34 puntos), lóxico se temos en conta a ruína dos campesiños, orixe da crise. Durante os anos do cólera (1854-55) , en cambio, esta situación se inverte, superando a vila ao rural en 21 e 33 puntos, respectivamente, quizais polo maior amoreamento urbano. Advertimos que anque ascende a taxa, non é todo o que poderiamos temer para esa epidemia, pois o cólera non afectou especialmente aos nenos, senón máis ben aos adultos, como xa se ten dito.

56. Número de defuncións rexistrados segundo a idade e TMI (Taxa de Mortalidade Infantil) , en º/ºº. O último recadro expresa a proporción de menores dun ano mortos comparados co total (<14 anos) expresado en %. Os cadros en branco, ausencia de datos completos.

Se observamos todo o período, a mortalidade, malia todo, tende a diminuír: Desde os 189 (¡!) do ano 1837 ata os 60 do último ano (1869), contabilizamos 129 puntos menos, en 32 anos (4 ptos. por ano).

Concello: Con grandes altibaixos, a mortaldade tende tamén a diminuír: de 180 no ano 1837 a 73 en 1870: máis de 100 puntos en 33 años (3,2 ao año).

En canto á proporción "Menores de 1 año/ Menores de 14", o concello ofrece algo peores resultados: 38 % fronte a 34, anque, recordamos, os censos no se corresponden sempre cos mesmos anos e son menos para o total municipal.

Non obstante, son sempre valores moi elevados, é dicir, a probabilidade de morrer unha persoa era maior durante a infancia, (e moito máis durante o primeiro ano de vida), o cal se é lóxico por ser máis vulnerábeis ás enfermidades tipicamente infantís, érao nun grao tan elevado que sírvenos como indicador de desenvolvemento moi certeiro (como o segue a ser hoxe en día) para detectar graves problemas nunha sociedade (económicos, sanitarios, asistenciais).

Táboa 14: Mortalidade infantil por décadas (1837-1870)

DÉCADAS	T.M.I.			VALORES[57] INDEXADOS
	Vila	Concello	Media	
1837-1850	148	161	154	100
1851-1860	85	106	95	62
1861-1870	108	106	107	69

+ Diminución da mortalidade infantil un punto por ano (31 puntos en 33 anos).
+ 1ª Década: a TMI é maior na vila que no concello
+ 2ª Década: " " " menor " " " " "
+ 3ª Década: " " " similar " " " " "

Gráfico 7: Mortalidade infantil de Pontedeume (1837-1870)



57. Tómase como índice 100 os da década 1837-1850. As outras dúas están referenciadas con respecto a este.

4.3 Esperanza de vida

Táboa 14: Esperanza de vida en Pontedeume (1839-1868)

PERÍODO	MEDIA
1839-1850	36 años
1851-1860	37 años
1861-1868	31 años
1839-1868	34,6 años

As conclusións son fáciles de extraer: **non hai aumento da esperanza de vida, ao contrario, diminúe** na década dos sesenta, o que supón un mal indicador demográfico pero tamén socioeconómico. Por suposto que había persoas maiores desa idade (incluso lonxevos, ver máis adiante), pero a elevadísima mortalidade infantil fai que a estatística diminúa ata esa cifra.

Hai unha baixa proporción de anciáns, entendendo como tales aos que morren con 60 anos ou máis, que son poucos: arredor de 36 persoas ao ano, o que supón ¡só un terzo de media do total de defuntos! É dicir, as dúas terceiras partes da poboación "non chegaban a vellos..."[58].

Se o criterio é o espacial, temos que a vila ten unha media de 33 anos e o concello, 38. A media é de 35,5 anos. Chama a atención a menor lonxevidade dos habitantes do pobo, que parece contradicir algúns resultados anteriores, anque non hai que esquecer as limitacións mencionadas dos censos.

4.4 Natalidade, Mortalidade e Crecemento Natural

Para achar o cálculo das taxas de natalidade e mortalidade estudamos as cifras estimadas de poboación das oito parroquias do concello, para o cal dispoñemos no AMP de series (nalgúns casos, incompletas) de nacementos e defuncións (e casamentos) entre estes anos extremos.

Existen lagoas correspondentes a varios días, meses e incluso anos, as cales cubríronse acudindo aos libros sacramentais correspondentes, sitos no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela. Esta incidencia está sinalada en cada caso.

Expoñemos, a continuación, os datos obtidos de taxa de Natalidade (TN), taxa de Mortalidade (TM) e Crecemento Vexetativo ou natural (CN) correspondentes a cada ano:

Táboa 15: Taxas de natalidade, mortalidade e crecemento natural de Pontedeume (1838-1869)[59]

ANO	1838	*1840*	1841	1842	1843	1844	1846	1848	1849	1850	1851	1853	1855	1856	1857	1858	*1860*	*1866*	*1867*	*1869*
TN	27,1	33,6	44,2	45,2	43,3	44,4	30,49	35,1	35,5	31,3	34,1	19,7	38,7	33,8	33,9	34,7	31,7	42,2	44,9	33,6
TM	23,1	40,5	24,2	46,2	32,7	42,6	22,6	29,7	32,2	24,8	27,5	39	72,8	28,5	24,8	23,1	19,2	23	23,4	35,1
CN	0,4	-0,69	1,98	-0,1	1,06	0,18	0,78	0,54	0,32	0,65	0,65	-1,93	-3,41	0,52	0,9	1,16	1,24	1,91	2,15	-1,15

58. Aparecen salpicados nos censos como excepcións. Hai só 23 nonaxenarios e 49 octoxenarios en todo este tempo. Como anécdota, cabe dicir que non apareceu ningún que chegase aos 100 anos de idade, sendo os que máis se lle achegaron os seguintes casos, seguidos do ano: una persoa de 98 anos (1855); dúas de 96 a. (1850 e 52); dúas de 95 a. (53 e 55); 1 de 94 (43); dúas de 93 (41 e 48); e tres de 92 años (42, 49 e 55).

59. As taxas de natalidade e mortalidade están expresadas en tantos por mil, mentres que o crecemento vexetativo, en %. O CN=TN-TM. Os anos ausentes débense á falta de datos de poboación (ver censos) ou por ser incompletos os de natalicios e defuncións. Os anos en cursiva corresponden a cifras referidas exclusivamente á vila, por ausencia de información sobre as demais parroquias.

Gráfico 8: Taxas de natalidade, mortalidade e crecemento natural de Pontedeume (1838-1869)[60]



Táboa 16: Movemento natural de poboación de Pontedeume (1838-1869)

PERÍODOS[61]	T.N.		T.M.		C.N.	
	Vila	Concello	Vila	Concello	Vila	Concello
1838-1850	-	37,39	-	30,93	-	0,64
1851-1869	33,7	32,4	23,27	37,22	1,04	-0,48

O descenso da natalidade asóciase á modernización económica e explícase por razóns relacionadas coa vida das familias e os seus cambios en estilos de vida. O século XIX viu diminuír as taxas de fecundidade pero de xeito lento e irregular, e só a partir da segunda metade. Isto aprécia-se na táboa, tamén no caso de Pontedeume, anque hai que ter en conta o efecto distorsionador que as épocas de penurias teñen sobre a fecundidade (véxase o ano de 1853, sacudido pola fame e que tira unha TN extraordinariamente baixa).

Na táboa 16 observamos uns índices de nacementos e defuncións moi elevados, propios do réxime demográfico antigo e de sociedades preindustrializadas como era a España daquela. Son superiores ao 20º/ºº en ambos casos, tanto na vila como nas parroquias rurais. Non obstante, anque elevadas, as taxas de mortalidade son inferiores na vila ao resto do municipio.

As altas taxas de mortalidade provocan que o crecemento vexetativo sexa nulo (como vimos no ínfimo crecemento da poboación no capítulo anterior), e en ocasiones, negativo, como nas épocas de mortalidade catastrófica, como foi a década de 1850 (as xa mencionadas crises de subsistencias de 1853 e as epidemias de cólera de 1854-55), e en anos illados, como son 1840, 1842

60. Todos os valores expresados en %. A modo de comparación, os valores actuais (2006) son os seguintes: TN: 7 º/ºº; TM: 6,65 º/ºº; CN: 0,035%.

61. Faltan os datos dos anos: 1839, 45, 47, 52, 54, 59, 61 ao 65 e 1868. Así mesmo, non é posíbel achar as taxas do primeiro período da vila por ser a información incompleta.

e 1869. Deste último ano sabemos a existencia dunha crise económica que pode ter influído na conxuntura demográfica[62].

En cuanto á mortalidade, é coñecido que o período de transición do réxime demográfico antigo ao moderno, comezou en época máis temperá, en Europa occidental, nos países do norte que nos mediterráneos, pois diminuíu antes a mortalidade catastrófica pero tamén a ordinaria (a infantil, fundamentalmente).

A segunda metade do século XIX avanza na caída de mortalidade, asociada ás melloras da alimentación e na hixiene pública e privada, debidas ao maior desenvolvemento económico. As melloras agrícolas e nos abastecementos, as medidas de sanidade pública encamiñadas a dificultar a difusión das epidemias e a mellorar a distribución de augas potables e a eliminación de residuos, son factores a ter en conta no estudo do descenso da mortalidade.

Porén, en Europa e ao longo de todo o século XIX, mantéñense niveis altos de mortalidade global debido ás súas enormemente elevadas taxas de mortalidade infantil, que no ano 1861, por exemplo, se encontraba en torno ao 26 º/ºº. A finais do século, a TM española era aínda do 29º/ºº, 11 puntos por riba da media europea. Haberá que esperar ao século XX para que a diminución das taxas se produza de xeito global en todo o país[63].

Para o caso de Pontedeume, comprobamos que as taxas de mortalidade son sempre elevadas: na segunda fase (1851-1869), a media é >30º/ºº, debido en boa parte aos desastres demográficos dos anos 50: a fame de 1853 e, sobre todo, 1855 ¡cunha mortalidade superior ao 70º/ºº! debido ao cólera. E hai que ter en conta que carecemos de datos do ano 1854 (falta o censo de po-boación), co cal a taxa sería aínda máis elevada, por ser o ano máis virulento da epidemia colérica.

O resultado é un CN sempre baixo, incluso negativo, propio do réxime demográfico antigo, como xa se ten dito.

CONCLUSIÓNS

O século XIX en España está marcado por unha mortalidade excesiva, debido ás guerras e á malnutrición provocada pola fame. Non obstante, a poboación aumenta, e débese a tres causas: unha maior fecundidade, un aumento da duración da vida e o cese da emigración tras a independencia de América, durante a primeira metade de século. Non obstante, tende a prolongarse o réxime antigo de poboación, con altas taxas de natalidade e mortalidade, e un índice de crecemento vexetativo de case un 1%, ao final do século.

62. Nun Libro de Pleno municipal correspondente ao un de marzo dese ano podemos ler: *"(El Ayuntamiento) atendió al estado de pobreza del momento pues era necesario fomentar las obras públicas para dar ocupación a la clase proletaria del distrito, cada vez más necesitada por efecto de la paralización de aquellas y de haberse quedado una buena proporción de personas empleadas y despedidas últimamente del inmediato Arsenal del Ferrol, del que dependia su subsistencia(....)."*

63. Vid. NADAL, J., *op. cit.*

Durante a centuria perduran as crises de subsistencia, na medida en que se mantén a agricultura como principal fonte de riqueza. O prezo dos alimentos aumenta, o cal provoca escaseza e, polo tanto, unha diminución dos que sobreviven á infancia. A mediados do século, unha mala colleita segue a significar unha maior mortalidade e unha menor fecundidade.

A mortalidade catastrófica reduce as ganancias de natalidade. O cólera morbo, como as demais enfermidades "sociais", afectaban máis duramente aos máis desfavorecidos, e as melloras na hixiene fixéronse esperar moitos anos. Por último, a emigración como válvula de escape para o excedente de poboación, inundará o continente americano de miles de galegos que nunca contabilizarán os censos da súa terra, nin a beneficiarán co seu traballo.

Á vista de todos os datos anteriores, cabe preguntarse: ¿Houbo transición demográfica do réxime antigo ao novo durante o período mencionado? Para contestala, sintetizaremos as conclusións ás que chegamos:

+ Irregularidade da taxa de Mortalidade, sobre todo pola mortalidade catastrófica (crise dos anos cincuenta).
+ Mantemento dunha TN elevada.
+ CN baixo ou negativo. Aumento lento e irregular da poboación.
+ Diminución da TMI.

Coa excepción deste último dato, todos os demais apuntan a que todo este período pertence ao **ciclo demográfico antigo**, e só este indicador parece albiscar a transición ao moderno, fenómeno que terá lugar, como xa se sinalou antes, no século seguinte.

4.5 Nupcialidade

O primeiro que chama a atención da táboa anterior é a caída dos matrimonios no ano 1853. Se a media nos once anos anteriores con datos é de 6,5 º/ºº

Tabla 17: Nupcialidade en Pontedeume (1835-1870)[64]

ANOS	VODAS		I.N. º/ºº	
	V	C	V	C
1835	6	41	-	9,6
1837	12	26		
1838	17	31	-	6,4
1839	12	-	-	-
1840	3	-	1,7	-
1841	8	18	-	4,1
1842	17	27	-	6,3
1843	17	27	-	6,5
1844	11	22	-	5,6
1845	13	33	-	-
1846	-	22	-	5,2
1847	15	31	-	-
1848	10	29	-	7
1849	11	37	-	9,7
1850	9	22	-	6
1851	10	22	-	5,8
1852	10	24	-	-
1853	3	12	-	3,2
1854	11	26	-	-
1855	14	29	-	9
1856	8	28	-	8,6
1857	5	27	-	8,5
1858	6	32	-	8,2
1859	15	39	-	-
1860	19	-	8,5	-
1861	10	-	-	-
1862	12	-	-	-
1863	10	48	-	-
1864	18	-	-	-
1865	13	39		-
1866	18	-	9,9	-
1867	19	-	9,2	-
1868	6	-	-	-
1869	16	34	-	-
1870	16	35	-	-

64. V: Vila; C: Concello. I.N.º/ºº: Índice de Nupcialidade, en tantos por mil. Os espazos en branco débense á falta de datos de vodas ou de poboación . Como referencia, o número de casamentos do ano 2005 foi de 39, o cal supón un I.N. de 4,47 º/ºº.

Gráfico 9: Índice de nupcialidade (I.N.) (1835-1858)



ao ano, o aludido supón exactamente a metade. É o ano da fame. Só houbo tres casamentos na vila, cando a media xeral é de 11,4. Pero todo o concello resentiuse, pois esa ducia de vodas queda lonxe dos case trinta que se celebran ao ano como media en todo o período.

Non obstante, eses enlaces aprazados acaban realizándose, incluso en época tan penosa como a do cólera: os anos seguintes verán incrementarse o índice de nupcialidade por encima do 8,5º/ºº, superando amplamente a media para todo o período que é do 6,2º/ºº, manténdose o nivel ata 1858. A partir desas datas, a ausencia de datos completos impídenos valorar todo o concello, pero a vila si nos informa da súa situación: aumento claro dos casamentos, por encima dos catorce anuais, nun evidente síntoma de recuperación demográfica.

Observamos, polo tanto, como as crises de subsistencias no só soen vir acompañadas dun incremento da mortalidade, senón tamén dun descenso dos casamentos. Anque este mesmo fenómeno non pode ser excluído das crise epidémicas, a intensidade e configuración das series de matrimonios (e nacementos) poden converterse en pistas valiosas para detectar o carácter da crise[65].

65. RODRÍGUEZ GALDO, Mª. X.: *op. cit.*, p. 60. Neste estudo, a autora fai un percorrido polos rexistros parroquiais de seis comarcas costeiras galegas das provincias da Coruña e Pontevedra, analizando os nacementos, matrimonios e defuncións. Inclúe o concello de Pontedeume dentro das Mariñas, ás que outorga unha desviación á baixa dentro da tendencia de matrimonios para o mesmo ano de 1853, pero tamén para os anos de 1856 e 1857 (páx. 62), a diferenza do sucedido no noso concello, como xa temos visto.

4.6 Movemento de poboación
4.6.1 Estacionalidade

Táboa 18: Movemento de poboación de Pontedeume por estacións do ano (1846-1865)[66]

	PRIMEIRO TRIMESTRE			SEGUNDO TRIMESTRE			TERCEIRO TRIMESTRE			CUARTO TRIMESTRE		
ANO	N	C	M	N	C	M	N	C	M	N	C	M
1846	27	5	21	31	7	28	34	6	19	36	6	27
1847	48	16	30	44	3	24	29	5	37	47	7	37
1848	31	11	33	40	5	25	40	5	25	33	4	39
1849	30	10	34	26	14	36	45	6	32	42	7	28
1850	25	4	28	23	7	20	35	8	21	33	3	23
1852	31	6	38	34	4	39	11	5	8	34	8	47
1853	-	-	-	31	5	40	-	-	-	18	5	34
1855	30	9	33	36	10	40	22	7	93	38	3	71
1856	26	10	20	29	6	28	28	8	19	26	4	25
1857	24	12	22	30	5	25	30	5	19	13	5	33
1858[67]	9	0	7	11	3	9	11	2	8	10	1	18
1859[68]	47	15	37	46	6	36	46	7	33	36	10	9
1860	10	4	46	21	6	8	14	6	8	10	3	12
1863	49	15	37	52	16	27	34	7	17	36	10	23
1865	52	-	25	47	-	33	51	-	38	52	-	48
TOTAL	439	117	371	501	95	438	430	77	377	464	76	444
%[69]	24	32	23	27	26	27	23	21	23	25	21	27
D.M.[70]	-1	+7	-2	+2	+1	+2	-2	-4	-2	0	-4	+6

Gráfico 10: Movemento de poboación de Pontedeume por trimestres (1846-1865)



66. No AMP atópanse os datos expresados de tres maneiras: por parroquias, por anos de idade (as defuncións) e por trimestres, que é o que agora recollemos aquí. Non sempre coinciden as cifras. Dos anos en que consta esta información, extraemos o seguinte cadro, cos Nacementos (N), os Casamentos (C) e as Mortes (M).

67. Datos referidos só á vila, igual que en 1860.

68. Faltan rexistros de tres meses de tres parroquias.

69. O tanto por cento indica que unha distribución absolutamente equitativa de cada ítem por trimestre supoñería un 25 % en cada casiña.

70. A Diferenza da Media (D.M.) indica o que supera (+), lle falta (-) ou iguala (0) á media por trimestre: o citado 25 %.

Os gráficos anteriores achégannos información sobre a distribución ao longo do ano, por trimestres, dos tres elementos que forman o movemento natural dunha poboación. Correspóndense coas catro estacións: inverno, primavera, verán e outono, por esa orde. Os factores climáticos, económicos, sociais, culturais, etc., inflúen de maneira desigual nunha poboación sobre a fecundidade, a celebración das vodas ou as defuncións. Para entendelo, debemos situarnos na comunidade rural, suxeita aos vaivéns das colleitas e das enfermidades, que era Pontedeume a mediados do século XIX, e cunha concepción da vida e hábitos moi diferentes.

Así pois, estudamos a distribución dos Nacementos en primeiro lugar, constatando unha gran uniformidade ao longo do ano, cunhas desviacións porcentuais da media, mínimas. En canto ás Vodas, vemos como se concentran na primeira metade do ano, sobre todo nos tres primeiros meses, sendo moi inferiores en verán (a diferenza da nosa época actual) e inverno. A razón desta preferencia debemos vela na ocupación maioritaria dos contraentes (agricultores) e o calendario de labores do campo. Así mesmo, debemos ter en conta a inexistencia das vacacións remuneradas e estivais de hoxe.

Por último, as Defuncións: apreciamos que son inferiores no verán e aumentan no outono, probabelmente relacionado coa diferente incidencia das enfermidades respiratorias, (sensíbeis aos primeiros fríos e chuvias), responsábeis de numerosas mortes neste período. É de destacar o impacto das crises económicas de 1853 e 1857 sobre a natalidade e a mortalidade, e sobre todo, o cólera de 1855 (de 1854 no temos estes datos), que desanima os casamentos e dispara as mortes, sobre todo no cuarto trimestre, epicentro da epidemia.

4.6.2 Movemento de poboación: Valores absolutos

Táboa 19: Movemento de poboación en cifras absolutas en Pontedeume (1835-1870)

ANO	Nacementos	Vodas	Defuncións	Poboación
1835	180	41	131	(4.253)
1837	172	26	155	-
1838	131	31	112	4.833
1841	190	18	105	4.293
1842	193	27	197	4.264
1843	180	27	136	4.154
1844	174	22	167	3.918
1845	178	33	147	-
1846	128	22	95	4.198
1847	123	31	123	-
1848	122	29	122	4.098
1949	143	37	130	4.029
1950	110	22	92	3.704
1851	-	22	-	3.751
1852	110	24	134	-
1853	74	12	145	3.741
1854	155	26	314	-
1855	125	29	237	3.253
1856	109	28	92	3.224
1857	108	27	77	3.182

ANO	Nacementos	Vodas	Defuncións	Poboación
1858	135	32	90	3.884
1859	144	39	111	-
1863	161	48	94	-
1865	202	39	134	-
1869	169	34	136	-
1870	191	35	141	-

Táboa 20: Movemento de poboación. Números índices. Pontedeume (1853-1870)[71]

ANO	Nacementos	Vodas	Defuncións	Poboación
1853	48,5	43,8	110	90,4
1854	101,7	94,9	238,2	-
1855	82	105,8	172	78,6
1856	71,5	102,1	69,8	78
1857	70,8	98,5	58,4	77
1858	88,5	116,7	68,2	94
1859	94,4	142,3	84,2	-
1863	105,6	175,1	71,3	-
1865	132,5	142,3	101,6	-
1869	110,9	124	103,1	-
1870	125,3	127,7	107	-

5. EMIGRACIÓN

5.1 Introducción

Sen ser un fenómeno exclusivo de Galicia, a emigración constituíu un dos trazos máis característicos da súa poboación. As cifras son ben significativas: máis de dous millóns e medio de galegos emigraron durante os séculos XIX e XX. A emigración prodúcese como consecuencia dun desequilibrio entre a poboación e os recursos, converténdose nunha válvula de escape do excedente demográfico, especialmente no rural. O fracaso da modernización das estructuras agrarias e das experiencias industrializadoras foron as causas fundamentais da emigración[72].

J. Nadal estudou a relación que hai entre a situación socioeconómica e a emigración no caso de Galicia[73]:

No bienio 1885-86, as provincias de Pontevedra e A Coruña sitúanse á cabeza (tras Canarias) da emigración a América, cun 26% do total. A explicación está nas condicións de vida insoportábeis que expulsaban aos máis desfavorecidos, debido á conxunción de tres factores:

71. Tómase a media dos anos 1835-1852 como base 100, e de aí calcúlase o % dos datos dos demais anos con esta referencia. Os valores 100 son: Nacementos: 152,4; Vodas: 27,4; Defuncións. 131,8; Poboación media: 4.136 habts.

72. Vid. ROMERO MASIÁ, A.: *Galicia, CCSS, Xeografía e Historia,* edit. Bahía,1997, p. 330-333.

73. Vid. NADAL, J, *op. cit.,* p. 181-197.

- Densidade de poboación elevada (estas provincias atlánticas están no posto 2º e 5º, respectivamente, na escala provincial, segundo o censo de 1877). A maior oferta de man de obra, peores salarios.
- Galicia ten os xornais más baixos de España: un peón camiñeiro en 1859 en Galicia gaña a metade que noutras provincias, situándose nos últimos postos por ingresos.
- A maior demanda dun producto, prezos máis caros: no ano 1885, Galicia ten o prezo do trigo máis alto de España, un 50% máis que en Castela.

Como xa queda dito, durante o século XIX, o destino fundamental dos emigrantes galegos foi América. Ata 1853, debido ás restriccións das saídas (desde a independencia das ex colonias) moitas se realizaban de forma clandestina.

Eiras Roel[74] calcula en 93.040 as saídas entre 1836 e 1860, o que representa o 40% do total dos españois emigrados no mesmo período. Os destinos preferidos foron Río de Prata e Cuba.

Pero a crise producida entre 1852 e 1855[75], estendeu a fame polo país e acabou por abrir definitivamente a porta da emigración masiva cara ao Novo Mundo. Unha serie de reais ordes e decretos que se suceden desde 1853 ata 1903 modificarán a legalidade para favorecer o transvase[76]. A primeira foi unha R.O. de 16-9-1853 que levantou (con reservas) a prohibición de emigrar ás repúblicas de América do Sur. O fomento da inmigración que, ao mesmo tempo, realizaban estas nacións, supuxo un acicate para os desprazamentos. Así, a nova Constitución arxentina dese mesmo ano, exemplo que foi seguido polas demais repúblicas.

Desde 1860, a emigración iniciou unha subida imparábel que, con poucas excepcións, se mantivo ata 1929. Entre 1860 e 1870 saíron para América 160.000 emigrantes, un 80% máis que nos trinta anos anteriores. A finais de século, os galegos eran o grupo maioritario nos principais países receptores. Representaban o 54% en Bos Aires, o 65% en Montevideo, o 40% en Cuba e o 70% en Brasil[77]. Na a década seguinte, Eiras Roel calcula que son más de 70.000 os desprazados, ascendendo a 157.000 para o decenio de 1881-1890, cifra superada na ultima década do século. O cómputo global para todo a centuria é, segundo Bustelo, de 900.000 persoas, correspondendo medio millón á segunda metade da mesma. E no século XX aínda serán moitos máis, polo menos nas tres primeiras décadas[78].

74. Vid. EIRAS ROEL, A.: *La emigración gallega en los siglos XIX y XX. en Aportaciones al estudio de la emigración gallega.* 1992.

75. Vid. RODRIGUEZ GALDO, M.X.: *A crise agraria de 1853 e a emigración galega a Cuba*, en Revista Grial, nº 57, 1977, p. 261-272; e da mesma autora e DOPICO, F.: *Desarticulación de la economía tradicional y emigración. La empresa de emigración de colonos gallegos de Urbano Feijoo Sotomayor, en Crisis agraria y crecimiento económico en Galicia en el siglo XIX*, Eds. do Castro, 1981, p. 67-112.

76. Vid. HERNÁNDEZ BORGE, J.: *Tres millóns de galegos. Biblioteca Divulgación,* 1990 en: AGRAFOXO, X.: *Didáctica da Historia Contemporánea de Galicia,* Edit. Toxosoutos, Noia, 1997, p. 75-76.

77. *Diccionario Enciclopédico Galego Universal*, Ir Indo Edicións, Vigo, 2003, p.19.

78. Vid. VILLARES PAZ, R.: *Historia da emigración galega a América*. Xunta de Galicia.

5.2 Emigración de Pontedeume de 1859 a 1884

Na caixa nº 221 do AMP consérvase o único rexistro dos emigrantes eumeses do século XIX. O período cronolóxico abrangue desde o ano 1859 ata o 1884. Descoñecemos as causas de por que estes límites, anque para a primeira data é lóxico pensar que os casos de emigrantes serían escasos por varias razóns, sobre todo, legais, xa mencionadas. Non así para o tope, pois a cifra iría crecendo segundo se achegaba a fin do século, como xa temos visto.

Dúas cousas teñen en común todos os casos: o destino é Centro e Sur América, como case todos os galegos da época. E dos que temos información ao respecto, todos son homes, con dúas únicas excepcións, as dúas mulleres do primeiro ano (1859) sinaladas en terceiro e cuarto lugar (*).

Todos os documentados teñen nome e apelidos, e poden ser consultados polos interesados.

Táboa 21: Emigración de Pontedeume a Iberoamérica (1859-1884)

ANO E NÚMERO	IDADE (ANOS)	DESTINO (LITERAL)	PROCEDENCIA (PARROQUIA)
1859 (5)	-	Cuba	Centroña
	10	Bos Aires	-
	- (*)	Bos Aires ou Montevideo	-
	- (*)	Cuba	Centroña
	-	A Habana	Vila
1860 (3)	-	Cuba	Vila
	-	“	“
	6	A Habana	“
1867 (3)	15	Cuba	“
	18	A Habana	“
	-	Fóra do Reino	Andrade
1868 (3)	12	Cuba	Vila
	13	“	“
	13	“	“
1869 (2)	13	Montevideo	“
	-	América do Sur	Ombre
1870 (2)	<16	Bos Aires	Vila
	16	América do Sur	“
1871 (23)	18	A Habana	“
	-	Ultramar	“
	-	Cuba	“
	-	Ultramar	“
	-	Cuba	Vila
	-	Puerto Rico	Vila
	15	Cuba	Breamo
	21	“	Vilar
	14	“	“
	-	Ultramar	Vila
	-	“	“
	>26	Cuba	Vila
	18	“	Vila
	14	Ultramar	“

ANO E NÚMERO	IDADE (ANOS)	DESTINO (LITERAL)	PROCEDENCIA (PARROQUIA)
1871 (23)	18	Cuba	Vila
	33	“	“
	16	“	“
	23	“	Centroña
	30	“	Vila
	30	“	Breamo
	17	“	Vila
	23	“	Centroña
	13	Ultramar	Vila
1872 (19) (11) (TOTAL:30)	1 de 13 4 de 15 1 de 16 1 de 17 1 de 18 1 de 19 1 de 23 1 de 25 1 de 26 1 de 31 1 de 32 2 de 37 1 de 38 1 de 42 1 de 57 -	17 a Cuba o A Habana 2 a América do Sul	14 da Vila 2 de Vilar 2 de Centroña 1 de Breamo
1873 (9)	-	-	-
1874 (10)	-	-	-
1876 (3)	-	-	-
1877 (2)	-	-	-
1880 (3)	-	-	-
1882 (3)	-	-	-
1883 (3)	-	-	-
1884 (1)	-	-	-

TOTAL: 105 emigrantes rexistrados en 25 años: 4,2 por ano.

Gráfico 11: Emigración de Pontedeume de 1859 a 1884



Dos anteriores gráficos, extraemos as seguintes conclusións:

1º- Na década inicial, dos anos sesenta, aparecen moi poucos casos de emigrantes; de repente, en só dous anos, 1871 e 1872, rexístranse a metade de todo o conxunto. Os dous anos seguintes diminúe o ritmo, e os sucesivos, volven a ser mínimos. Descoñecemos a razón desta cadencia desconcertante, que ben puidera deberse á simple desaparición de rexistros, ou á emigración clandestina. Sexa como fose, os datos son moi escasos en número.

Ademais, coincide coo final do período estudado para o cal temos datos de poboación.

Carecemos de todo dato sobre a Inmigración, é dicir, sobre a procedencia dos empadroados nacidos fóra do municipio. É polo que non podemos chegar máis alo en canto a valoracións sobre o crecemento real de Pontedeume (crecemento natural + saldo migratorio). Limitámonos, polo tanto, a describir o fenómeno.

2ª- Idade:
+Idade media: moi novo, 21 años, (dos 45 casos coñecidos; hai 60 descoñecidos)
+Idades límite: entre 6 e 57 anos
+Idades máis frecuentes: 5 de 13 anos; 6 de 15; 4 de 16[79].
+Menores de 14 anos: 7
+Entre 14 e 18 anos: 17
+Entre 19 e 29 anos: 9
+Entre 30 e 40 anos: 8
+Entre 40 e 60: 2
+Maiores de 60: 0

3ª- Destino:
+Coñecido: 60 [Todos, excepto o último (?), a Iberoamérica]; Descoñecido: 45.
+Cuba/A Habana: abafadora maioría: 43 (71,6% dos coñecidos)
+Ultramar: 6
+América do Sur: 4
+Bos Aires: 3
+Montevideo: 2
+Porto Rico: 1
+Fóra do Reino: 1

4º- Procedencia:
+Coñecida: 58; Descoñecida: 47.
+Maioría da Vila: 41 (70,6% dos coñecidos)
+6 de Vilar (10,3%)
+6 de Centroña (10,3%)

79. *"Coa finalidade de evitar o servizo militar e ante a perspectiva dun futuro incerto, moi posiblemente marcado de todos modos pola emigración, os mozos deciden adiantar aos 14 ou 15 anos a idade do embarque cara a América"*. LOPEZ PAZOS, M.: "Información obtida dos expedientes de alistamento militar. Pontedeume. 1836/1924". en *Revista Cátedra,* nº 12, 2005, p. 258.

+3 de Breamo
+1 de Ombre
+1 de Andrade
+0 de Nogueirosa e Boebre

5º- Profesión ou estudos, situación socioeconómica: Non consta.

6º- Si aparecen, en cambio, outros datos, que coñecemos porque o que quería saír de España para emigrar tiña que pedir unha "cédula de veciñanza" ou certificado de empadroamento ao concello. Os menores, bastante abundantes, por certo, tiñan que solicitar un certificado de nacemento do párroco (é dicir, de bautismo). Ademais, debían presentar outro documento, o de "Penais", conforme non estaban procesados pola xustiza, así como o non estar incluídos na matrícula dos "Homes do Mar" (levas obrigatorias da Mariña nos pobos costeiros). Por último, sinalar que algúns -sobre todo, menores- constan ser reclamados por familiares en América, o que debía ser frecuente, dado que os primeiros en emigrar facilitaban a chegada dos seguintes[80].

FONTES

Arquivo Municipal de Pontedeume

CAIXAS Nº:
* Para os Censos de poboación:
83- Padróns e Censos de habitantes (1712-1844)
84- " " " (1846-1857)
85- " " " (1857-1867)
86- " " " (1868-1886)
445- " " " (1880-1889)
* Para o movemento de poboación:
89- Libros de Casados (1844-1855)
90- Libros de Nados (1841-1855)
91- Libros de Nados, Casados e Mortos de 1837-1849
92- " " " " " 1850-1860
93- " " " " " 1863 e 1865
94- Estatísticas e listas xerais do Rexistro Civil de 1869 a 1888
* Para a Emigración:
221- Expedientes relativos á Emigración (1859-1884)

80. Sobre a emigración eumesa e da comarca (tamén, maioritariamente dirixida cara a Cuba) e, sobre todo, a actividade asociativa e benéfica a que deu lugar, anque referido máis ben ao século XX, véxase: CABANA GONZÁLEZ, M.: "Arquitectura residencial indiana nas rías de Ares e Ferrol", *Revista Cátedra*, nº8, 2001, páxs. 159-179. Nesa liña, MÁIZ, B.: *Introducción de Indianos, Arquitectura da emigración na península de Bezoucos*, editado polo COAG, Ferrol, 2000. Do mesmo autor, Emigrantes "retornados de Acción" en Ferrolterra e Eume (1898-1936), en Revista Cátedra, nº 10, 2003, páxs.129-146. Na mesma revista e nº, 7, 2000: LLORCA FREIRE, G.: *Páxinas de Pontedeume na prensa galega da emigración en Cuba,* páxs. 57-66; e PEÑA SAAVEDRA,V.: *As escolas de americanos en Galicia: proxectos e realizacións na comarca de Ferrolterra,* páxs. 217-273, cunha completa bibliografía sobre o tema (máis obras dos citados autores e outros como Núñez Seixas, etc.).

Instituto Nacional de Estatística

Censos do I.N.E. relativos aos anos: 1877, 1887 e 1900.

Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela

Libros sacramentais da parroquia de Santiago de Pontedeume. Signatura nº:
9- Libro de Bautizados da vila de Pontedeume (1818-1838)
10- Libro de Bautizados da vila de Pontedeume (1838-1852)
11- Libro de Bautizados da vila de Pontedeume (1852-1862)
12- Libro de Bautizados da vila de Pontedeume (1862-1868)
19- Libro de Casados da vila de Pontedeume (1805-1852)
20- Libro de Casados da vila de Pontedeume (1852-1867)
26- Libro de Mortos da vila de Pontedeume (1818-1851)
27- Libro de Mortos da vila de Pontedeume (1851-1866)
28- Libro de Mortos da vila de Pontedeume(1866-1868)

BIBLIOGRAFÍA

ARTOLA, M.: *Historia de España.* Alfaguara V. Alianza edit., Madrid, 1980.
AGRAFOXO, X.: *Didáctica de Hª Contemporánea de Galicia*, Edit. Toxosoutos, Noia, 1997.
BARREIRO FERNÄNDEZ, X.R.: *La población de Galicia durante el siglo XIX , en: Galicia*, t. V, Edicións Hércules S.A. 1999.
Galicia en los siglos XIX e XX. Enciclopedia Temática de Galicia, 1988
CABANA GONZÁLEZ, M.: "Arquitectura residencial indiana nas rías de Ares e Ferrol", Revista *Cátedra*, nº 8, 2001.
DAVIÑA SANZ, S.: "Pontedeume a través do Catastro de Ensenada", Revista *Cátedra*, nº 8, 2001.
"Las parroquias de la villa de Pontedeume en el C. de Ensenada", *Cátedra*, nº 9, 2002.
DE CASTRO ÁLVAREZ, C.: "Los factores del desarrollo urbanístico de Pontedeume a lo largo de su historia". Revista *Cátedra*, nº 8, 2001.
Diccionario Enciclopédico Universal, Ir Indo Edicións, Vigo, 2003.
EIRAS ROEL: *La emigración gallega en los siglos XIX y XX, en: Aportaciones al estudio de la emigración gallega*, 1992.
FARIÑA JAMARDO, X.: *Os concellos galegos,* Parte Especial, t. VII, Fundación P. Barrié de la Maza,1993
HERNÁNDEZ BORGE, J.: *Tres millóns de galegos,* Biblioteca Divulgación, 1990, en:
LÓPEZ PAZOS, M.: "Información obtida dos expedientes de alistamento militar. Pontedeume. 1836/1924. En *Revista Cátedra*, nº 12, 2005.
LLORCA FREIRE, G.: "Páxinas de Pontedeume na prensa galega da emigración en Cuba", Revista *Cátedra*, nº 7, 2000.
LÓPEZ –TABOADA, J.A.: *La población de Galicia, 1860-1991*, Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 1991

MAIZ, B.: *Introducción, de: Indianos, Arquitectura de emigración na península de Bezoucos*, COAG, Ferrol, 2000.

"Emigrantes " retornados de Acción" en Ferrolterra e Eume, (1898-1936)", en: *Revista Cátedra*, nº10, 2003.

NADAL, J.: *La población española (Siglos XVI a XX)*, Edit. Ariel, Barcelona, 1991.

NÚÑEZ-VARELA YLENDOIRO e RIBADULLA PORTA, J.E.: *Hª Documentada de Betanzos de los Caballeros, s. XV y XVI,* Betanxos, 1984.

PÉREZ MOREDA, V.: *La modernización demográfica, 1800-1933*, en: SÁNCHEZ-ALBORNOZ, N., (coord.),

La modernización económica de España, 1830-1930.

La evolución demográfica española en el siglo XIX, 1985.

PRESSAT, R.: *Los métodos en demografía,* Barcelona, 1983.

PEÑA SAAVEDRA,V.: "As escolas de americanos en Galicia: proxectos e realizacións na comarca de Ferrolterra", Revista *Cátedra*, nº 7, 2000.

RODRÍGUEZ GALDO, M. X.: "Hambre, epidemia y crise demográfica en la Galicia litoral a mediados del siglo XIX", en: *Revista Asclepio*, nº 35,

"Hambre y enfermedade en Galicia a mediados do século XIX", en: *Revista Asclepio*, nº 29, 1977.

"A crise agraria de 1853 e a emigración galega a Cuba", en: *Revista Grial*, nº 57, 1997.

RGUEZ. GALDO, M.X. Y DOPICO, F.: "Comportamiento demográfico y enfermedade, contribución a un modelo gallego para mediados del siglo XIX",

"Desarticulación de la economía tradicional y emigración. La empresa de emigración de colonos gallegos de Urbano Feijoo Sotomayor".

(ambas en: *Crisis agrarias y crecemento económico en Galicia en el siglo XIX,* Ed. do Castro, Sada, 1981).

ROMERO MASIÁ, A.: *Galicia, CCSS, Xª e Historia,* Edit. Baía, Vigo, 1997.

SORALUCE BLOND, J.: "Descripción de la vila de Puente de Heume, Pontedeume, 1994". Tamén na *Revista Cátedra*, nº 10, 2003.

TAMAMES, R.: *Introducción a la economia española*, Alianza Edit., Madrid, 1982.

VALVERDE Y ÁLVAREZ, E.: *Guía do Antiguo Reino de Galicia*, Madrid, 1886.

VÁZQUEZ DE PRADA, V.: *Hª de la Economía Mundial.* Edit. Rialp, SA, Madrid, 1974.

VILLARES PAZ, R.: *Hª da emigración galega a América*, Xunta de Galicia.

ÍNDICE

Introducción. Os rexistros de defunción do AMP e do AHD de Santiago e o seu valor como fonte histórica (1835-1870).

1. A poboación europea, española e galega no século XIX..

2. A evolución da poboación en Pontedeume (séculos XVIII e XIX).
    2.1. Fontes alleas ao AMP.
    2.2. Fontes de información local (AMP).
    2.3. Fontes modernas (INE)

3. Estudo da evolución da poboación do concello de Pontedeume (1813-1900).
    3.1. Comentario das táboas demográficas.
    3.2. Relación da poboación vila /concello.
    3.3. Evolución comparada das parroquias.

4. Movemento natural da poboación de Pontedeume (1837-1870).
    4.1. Nacementos.
    4.2. Defuncións
        4.2.1. Por idades
        4.2.2. Por parroquias
        4.2.3. Por períodos
        4.2.4. Estacionalidade
        4.2.5. Mortalidade infantil
    4.3. Esperanza de vida.
    4.4. Natalidade, Mortalidade e Crecemento Natural.
    4.5. Nupcialidade.
    4.6. Movemento de poboación.
        4.6.1. Estacionalidade
        4.6.2. Valores absolutos

5. Emigración.
    5.1. Introducción
    5.2. Pontedeume (1859-1884)